



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Fernández Prieto, Marta
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Tellado González, Fernando

PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
García Fontán Soledad
García-Pintos Escuder Adela
Llamas Nistal Martín
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Vallejo Pousada Rafael

PDI-B:

González Jorge, Higinio

ESTUDANTES:

Díaz Casaleiro, Tomás
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
López Rodríguez, Andrea
Rivera González, Paula
Rodríguez Varela, Diego
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda, M^a Luisa
García Señorán, Mar
González Santamaría, Pedro
Longo González, M^a Asunción
Pérez Cota, Manuel
Pillado González, Esther
Rivo López, Elena
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique
Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade outubro, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **10 de outubro de 2016** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xullo de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2016.
4. Aprobación, se procede, do “Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación”.
5. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición interposto polo presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra da Universidade de Vigo contra o acordo do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2016, polo que se aprobaba a Relación de Postos de Traballo do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.
6. No caso de estimación do recurso de reposición do punto 5, aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos.
7. Toma de acordo sobre a revogación da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
8. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
9. Atender ao pedimento de información acerca da execución da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos realizada por dez membros do Consello de Goberno.

10. Toma de acordo sobre medidas de igualdade e conciliación na Universidade de Vigo.

11. Aprobación, se procede, da modificación da “Normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios da Universidade de Vigo”.

12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *UNIFACS, Universidade Salvador* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *UNIFACS, Universidade Salvador* para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo e Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Santa Catarina* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Santa Catarina* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Valle de Atemajac, UNIVA* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Valle de Atemajac, UNIVA*, para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vrije Universiteit Brussel* – Acordo de co-tutela dunha tesis doctoral entre a Universidade de Vigo e a *Vrije Universiteit Brussel* (Bélxica) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Liberquaré* (México) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Aguascalientes* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Aguascalientes* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional José María Arguedas* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas S.A.C.* para a mobilidade de estudantes e docente estranxeiras de intercambio.
13. Elección do representante de estudantes na CEUNE.
14. Elección de representantes no Consello Social: 1 Estudante.
15. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 PDI; 1 Estudante.
16. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI; 2 Estudante.
17. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudante.
18. Rogos e preguntas.

Dá comezo á sesión o reitor dando lectura ao nome das persoas que xustifican a súa ausencia da mesma, así como das persoas que participan como invitados, con voz pero sen voto. Foi invitado D. Marcos Estévez Orge en relación co recurso de reposición presentado e que será tratado no punto 5. Solicitaron participar, e foron invitados D. Xan Cebro Rodríguez, como presidente, e Dona María José Ríos Santomé, en calidade de secretaria da Xunta de Persoal de administración e servizos.

Prosegue dando conta das baixas producidas no Consello de Goberno: Dona Elena Seoane, polo sector Decanos e Directores, que perdeu a condición de representante deste sector dado que xa non ocupa o posto de directora de departamento e o representante de alumnos Víctor Barbosa Losada, por dimisión. Indica que a substitución destes membros realizarase na próxima sesión do Claustro, como indica o Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno.

Antes de iniciar os puntos da orde do día, agradece o reitor a labor realizada polo equipo decanal de Dna Ana Pita á fronte da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo e felicita ao equipo de dona Almudena Bergareche, a nova decana do centro, desexándolle éxito na súa xestión. Felicita tamén ao profesor Humberto Michinel, que foi elixido presidente da European Optical Society.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xullo de 2016.

Non se presentaron alegacións á acta da sesión anterior. Apróbase por asentimento.

2. Informe do reitor.

Comeza o seu informe o reitor, dando conta da situación do Imposto de Bens Inmóveis en relación coa Universidade de Vigo nos tres concellos nos que se sitúan os campus, a raíz das noticias xurdidas na prensa de Vigo. Explica que a exención tributaria ás universidades, como viña recollida na LOU, no seu artigo 80.1 quedou en cuestión tras diversas normativas. As universidades consideraban que estes decretos non derogaban unha lei de rango superior como a Lei Orgánica, polo que se representaron recursos pola vía contencioso administrativa cando un concello interpretaba que se debía realizar o pago do IBI. Os cambios introducidos na LOU en 2007, abriron a porta a que os concellos poidan establecer mediante ordenanza unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto. O Concello de Ourense, continúa, estimou as razóns da Universidade, polo que nunca houbo un contencioso neste caso, e existe un acordo en canto á exención, habendo tan só problemas burocráticos. En Pontevedra, tamén se aprobou a bonificación polo máximo que permite a lei, polo que se puxo fin a o litixio que se mantiña. Pero en Vigo, a día de hoxe, a situación é distinta, xa que tras diversos intentos da Universidade, o Concello non reconece a exención fiscal plasmada na LOU, nin se amosa disposto á bonificación deste imposto para rebaixar a carga fiscal da Universidade. Informa de que este tema saltou á prensa por unha moción formulada pola oposición, que foi rexeitada, pero que a Universidade sigue a intentar unha solución, e que mañá tería que celebrarse unha reunión para tratar este tema, pero tivo que ser adiada por problemas de axenda. Vigo é polo de agora a única cidade de Galicia na que se manteñen estes impostos un servizo público como é a súa Universidade. Reitera que este problema debe ser solucionado, buscando unha solución que sexa axeitada para o concello. Comprometese a presentar unha información precisa e detallada no próximo Consello de Goberno.

Expón que o día 28 de setembro tivo lugar en Santiago a Asemblea Xeral da CRUE, na que se abordaron como puntos máis importantes a posibilidade de chegar a un acordo co Ministerio, en relación coa aplicación do decreto de títulos, coñecido como 3+2, e as reválidas recollidas na LOMCE. En relación co decreto, lembra que xa informou do acordo tomado na Asemblea da CRUE dunha moratoria na aplicación deste decreto e explica que o novo ministro amosou a súa tendencia a recoller ditos argumentos e formular un desenvolvemento a través dunha orde ministerial que manteña os títulos recollidos no catálogo actual de títulos cunha duración de 4 anos, abrindo a posibilidade de crear títulos de tres anos, sempre limitada a novos títulos, que non teñan parecido cos existentes na actualidade. Explica a dificultade de prorrogar máis a moratoria por parte das universidades, polo que, a pesar de que o goberno estea en funcións, se publica unha orde ministerial desaparecerían as incertezas e gañaríamos tempo para traballar co seguinte goberno na derogación ou modificación do decreto. Esta actuación frearía a algunhas universidades privadas que están intentando a vía do 3+2 por cuestións economicistas. Por iso, di o reitor, pídese celeridade ao goberno en funcións para impulsar esta orde ministerial. En relación co segundo punto, maior urxencia corre a aprobación das modificacións relativas ás probas da reválida de bacharelato, xa que son moitas as persoas que están a agardar por unha solución que xa chega tarde. Reitera que neste curso non vai ser obrigatoria para a obtención do título de bacharel pero si para o acceso á Universidade, polo que se pretende que se cumpra o preacordo acadado antes do verán sexa de que a proba sexa o máis parecida ás PAU que se desenvolvían ata o de agora. Insiste en que, para que os profesores e estudantes poidan organizarse, é urxente a publicación dunha orde ministerial que regule o marco desta reválida para que logo as comunidades podan regular os seus aspectos propios, así no SUG hai un acordo de mantela similar á actual.

O reitor prosegue o seu informe, indicando que o 16 de setembro celebrouse unha xuntanza entre os reitores do SUG e o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na que se asinaron diversos convenios, destacando un acordo de colaboración, dotado con máis de medio millón de euros, para optimizar os recursos de investigación cos que conta o Sistema Universitario Galego (SUG) e lograr

aumentar a produción científica. Elaborarase un mapa das estruturas científico-tecnolóxicas e da oferta de servizos asociados, e identificaranse as novas agrupacións estratéxicas.

Nesa mesma reunión, a Consellería propuxo un novo programa para aumentar o prestixio internacional das universidades galegas. Acordouse traballar na definición de accións que melloren a situación das universidades nos listados de prestixio. A dotación inicial prevista para esta iniciativa é de un millón de euros.

E tamén se formalizaron os convenios específicos das universidades de Santiago e de Vigo a través dos cales se poida colaborar á incorporación dos Starting Grant do ERC da Unión Europea.

Continuando co seu informe o reitor dá conta da sinatura dun convenio entre a Xunta e as tres universidades para o fortalecemento da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Este convenio pretende dar cumprimento aos compromisos do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017, co obxectivo de poñer en marcha máis proxectos de cooperación con países que teñen dificultades e nos que as capacidades das universidades poidan dar un impulso ao seu desenvolvemento.

Informa tamén da reunión do padroado do Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, nun acto no que se presentou ao novo director xeral, D. Antonio Castro García. Destaca as dificultades deste acordo coa Axencia Espacial Europea para poder incorporar a un alto funcionario da mesma a este centro.

Explica que o Dr. Castro García é enxeñeiro da Axencia Espacial Europea, que ten case trinta anos de experiencia no exercicio profesional no sector aeroespacial. Realiza un breve resumo da súa traxectoria, dende que traballou nos laboratorios da NASA en California ata a actualidade, que viña desenvolvendo a súa actividade como responsable do programa Galileo. Destaca a súa gran capacidade como investigador e tecnólogo, pero tamén a súa experiencia de xestión de proxectos e contratos de ámbito mundial que lle permitirá actuar como impulsor do CINAÉ.

Destaca o reitor a sinatura dos primeiros contratos do CINAÉ con empresas, como AISTECH, para a posta en marcha dun novo satélite por un importe superior aos 350.000 euros, así como un contrato programa. Tamén foi asinado o contrato programa coa XUGA para os anos 2016 e 2017, polo que o centro comeza a desenvolver as primeiras actividades cara a dar impulso e potencia ao sector aeroespacial en Galicia.

Noutra orde de cousas informa o reitor da situación da rehabilitación da sede do Bebés. Indica que tras a selección do proxecto gañador do concurso realizado, levarase a cabo a licitación da obra. Confía en que se cumpran todos os prazos, a obra realizarase ao longo do 2017 e a sede estará dispoñible no 2018.

Dá conta tamén da próxima realización da Feira do Emprego Finde.U. Esta proposta é froito do firme compromiso entre as Universidades de Vigo, Oporto e Tras-Os-Montes e Alto Douro para traballar de maneira conxunta e coordinada na creación dun espazo real de achegamento do talento universitario ao tecido empresarial no marco xeográfico de Galicia e o norte de Portugal da eurrerrexión. Como xa é coñecido, durante o mes de maio de 2016 realizouse a primeira Finde.U Virtual International Job Fair, na que participaron máis de 100 empresas, organizacións e puntos de información de toda Europa, promovendo a xestión de máis de 4.500 candidaturas a ofertas de emprego a ambos os dous lados da fronteira, así como en moitos outros da Unión Europea. Explica que a UVigo, xunto coas institucións colaboradoras, organiza agora a Finde.U - Feira internacional do Emprego Universitario, un foro presencial de empresas que se desenvolverán en Oporto e Vigo nas dúas primeiras semanas de novembro. Neste evento as tres universidades ofreceranlles aos universitarios e universitarias a oportunidade de manter contacto directo con organizacións e empresas de todos os sectores, facilitando o acceso ao mercado de laboral nun contexto socioeconómico tan complicado para o emprego xuvenil como é o actual.

3. Aprobación, se procede, da oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2016.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Explica a vicerreitora que no Consello de Goberno, que tivo lugar o 22 de xullo de 2016, aprobáronse os criterios para de selección de áreas de coñecemento nas que se convocarán as prazas de profesorado titular de Universidade e profesorado contratado doutor que corresponden á Universidade de Vigo en aplicación da taxa de reposición establecida na Lei Xeral de Orzamentos do Estado para o ano 2016. Este ano corresponden á Universidade de Vigo 21 prazas de profesorado permanente.

En aplicación deses criterios, por delegación deste Consello de Goberno reuniuse a COAP e acordou que esas 21 prazas se distribuirán do seguinte xeito:

- Obrigatoriamente, 4 prazas para persoal investigador que finalizara o programa "Ramón y Cajal" e acadara a acreditación I3.
- 5 prazas de CD, que non necesariamente tivera que ser Ramón e Cajal.
- 12 prazas de profesorado titular de Universidade.

Finalmente, e tal como estaba establecido nesos criterios, isto daría lugar á posibilidade adicional de convocar 12 prazas de promoción interna de catedrático ou catedrática de Universidade. Promoción interna, aclara a vicerreitora, que se realiza para profesorado Titular de Universidade de calquera Universidade española, xa que se entende como unha promoción entre corpos: o de TU e o de CU,

De aprobarse esta oferta pública de emprego, corresponde remitila á Xunta de Galicia para a súa autorización e posterior publicación no DOG, para que se poida proceder á convocatoria das prazas das distintas categorías.

Ábrese unha rolda de intervencións, no que intervén Sr. Cebro Rodríguez para facer unha reflexión en relación con este proxecto no que se convocan 21 prazas de profesorado estable e 12 de CU e que tras a aprobación, como di a vicerreitora, se vai enviar á Xunta de Galicia para informe e autorización. Confesa non entender o que pasa aquí. Expón que non lle molesta a promoción do PDI, ao contrario, ogallá fora máis aínda, pero co PAS non se fai o mesmo. Indica que no caso do PAS funcionario lévase negociado e aprobado unha promoción de 55 prazas, que non supón nada para a Universidade, pero esta escúdase na Xunta de Galicia, non pasa por CG. No caso do PDI, apróbase no Consello de Goberno e se envía á Xunta.

Prosegue expoñendo que se nos di que a Xunta está poñendo moitos problemas, e resulta que a UdC saca 224 prazas de promoción interna de PAS. Está claro, di, que aquí hai algún problema que, como representantes sindicais, queren comprender. Pregunta por que non se trae a promoción interna do PAS ao Consello de Goberno e se manda a Xunta de Galicia como se fai co PDI. Na USC acaba de saír a promoción interna para o PAS, tanto funcionario como laboral, e aquí non se saca ningunha praza, que se levan anos solicitando, dicindo que é causa da Xunta de Galicia.

Intervén o profesor Bienvenido Diez. Sinala que se están cumprindo os criterios que se acordaran na Mesa de Negociación. Simplemente quere que conste na acta como de dixo na COAP, que cando saian as prazas correspondentes a departamentos ou áreas non se axunte a lista nominal dos solicitantes porque produce problemas na prelación das persoas que poidan concursar nestas áreas.

A vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado indica que non pode responder ao Sr. Cebro, xa que a súa intervención límitase ás prazas de profesorado que son as da súa competencia. E en relación a elas, refire que o procedemento seguido é o seguido en anteriores ocasións. En resposta ao profesor Bienvenido Diez quere aclarar que aquí non se realiza ningunha selección de persoas, só das áreas nas que convocar as prazas. Insiste neste feito, subliñando que é unha convocatoria pública na que participarán as persoas que cumpran os requisitos e así o decidan. Recoñece que, en efecto, pode dar lugar

a algunha confusión se publicáramos o nome das persoas solicitantes, polo que reitera que debe quedar claro que son áreas o que se seleccionan nas distintas convocatorias.

Intervén o xerente para responder ao Sr. Cebro. Lembra que se nalgún momento se presentou no Consello de Goberno a cuestión da promoción do PAS e lembra que se adoptou a decisión de solicitar esas prazas de promoción de xeito global á Xunta de Galicia, conforme foi solicitado polos representantes do PAS. E no seu momento, a Xunta de Galicia non autorizou dita promoción, e así esta informado. Recordá tamén que un dos compromisos que adoptou este equipo de goberno era dar os pasos necesarios para habilitar a promoción, porque creemos que este é o momento, coa aprobación das RPT. Polo que entre os compromisos incluídos nas propostas de RPT está facilitar a promoción tanto do PAS laboral como funcionario, e eses son os procesos dos que se ten informado nas mesas de negociación.

O Sr. Cebro quere replicar, pero o reitor lle indica que este tema no pode ser tratado neste punto que se refire a oferta pública de emprego do PDI, pero que poderá realizar a súa intervención nos puntos seguintes. Tamén aclara ao Sr. Cebro que todos os pasos que se están a dar son os que están regulados por imperativo legal, como consecuencia do decreto que en 2012 aprobou o ministro Montoro.

Procédese á votación da proposta de oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2016; que recibe 21 votos a favor, un voto particular en contra do profesor Reigosa Roger, por estar en desacordo cos criterios de selección de áreas, como xa expuxo no Consello de Goberno, e cinco abstencións. Apróbase (**Anexo I**).

4. Aprobación, se procede, do “Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación”.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para realizar a presentación. O vicerreitor explica que a proposta que se achegou coa convocatoria é, basicamente, o regulamento que está agora en vigor, pero despois de máis de un ano de vixencia téñense detectado aspectos puntuais que é necesario mellorar para axustarse a normativa xeral que regula estes recoñecementos. Explica que os cambios se encamiñan a clarificar que se trata dunha actividade universitaria, organizada pola Universidade ou mediante convenio con outra entidade de educación superior. Tamén se abre un procedemento para recoller aquelas actividades que algúns centros recoñecen como tales, pero que non o están para a totalidade da Universidade. Nese caso, aclara o vicerreitor, é posible facer o recoñecemento mediante solicitude individualizada, co informe favorable da persoa responsable da titulación. Reitera que non supoñen cambios de fondo respecto da normativa anterior.

Intervén a representante do estudantado dona Paula Rivera. Formula unha dúbida en relación co punto 5.3, no que se indica que non se recoñecerán actividades con dedicación inferior a 30h. Pregunta se dese xeito se eliminan as actividades que teñen recoñecemento de horas a crédito.

Responde o vicerreitor que esa parte do regulamento non se modificou. Explica que as actividades recoñécense por grupos de 30 horas, que se corresponde con 1 ECTS, polo que non se recoñecen fraccións de crédito. Pero, engade, as horas son acumulables para que poidan ser recoñecidas cando se acadase ese número mínimo. Aclara tamén que existen dúas normativas paralelas: unha era a guía de acreditación da titulación que podía establecer aspectos concretos de recoñecemento de actividades, e a normativa xeral. Por iso na normativa se especifica que no caso de que na guía de acreditación de titulacións especifique algo concreto en materia de recoñecementos terá ten preferencia, xa que é a que marca o desenvolvemento da titulación.

Presenta outra dúbida tamén dona Paula Rivera en relación co artigo 9.

Outra dúbida sobre o artigo 9, que nos apartados 3 a 5 detalla unha serie de cargos de representación estudantil. Pregunta se, en relación con eses cargos, é necesario escoller un nesa enumeración ou se son acumulativos.

O vicerreitor aclara que se un ou unha estudante ocupa máis dun cargo recoñécense a totalidade do traballo realizado na súa representación, xa que ese é o concepto dos ECTS. Non existe ningún tipo de exclusión.

Non habendo máis intervencións, apróbase o regulamento por asentimento (**Anexo II**).

5. Toma en consideración, se procede, do recurso de reposición interposto polo presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra da Universidade de Vigo contra o acordo do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2016, polo que se aprobaba a Relación de Postos de Traballo do persoal laboral de administración e servizos da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen expón que con data 9 de setembro tivo entrada na Secretaría Xeral da Universidade un escrito, a través do cal Marcos Estévez Orge, en calidade de presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, interpón recurso potestativo de reposición contra o acordo do Consello de Goberno polo que se aprobou a Relación de Postos de Traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos. O recurso preséntase no prazo legal establecido, e no mesmo, tras realizar distintas alegacións, solicita a suspensión da execución do acto impugnado por concorrer a circunstancia de prexuízos de imposible ou difícil reparación. Dito escrito foi achegado coa convocatoria, xunto co informe de Asesoría Xurídica que foi solicitado para dar apoio ao Consello de Goberno na resolución do recurso.

Indica a secretaria xeral que o informe aborda en primeiro lugar a solicitude de suspensión da execución do acto impugnado. Explica que a Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común establece que os actos das Administracións Públicas sometidos ao dereito administrativo serán inmediatamente executivos, sendo a suspensión dos mesmos unha excepción a este principio xeral. E, en base á xurisprudencia do Tribunal Supremo, dita excepción debe basearse en que se produzan danos e prexuízos que deberán ser xustificados polo demandante, así como a dificultade da súa reparación. Pero ademais a Lei tamén esixe que o órgano que ten que acordar a suspensión realice unha ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que se causa ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión do mesmo. Neste caso en particular, prosegue, o recorrente non presenta unha descrición dos danos que se puideran derivar da execución do acto, nin xustifica a imposibilidade de reparación, polo tanto, considérase que procede desestimar o pedimento de suspensión da aprobación da RPT.

En segundo lugar, prosegue a secretaria xeral, na segunda parte do informe procédese a analizar tódalas alegacións efectuadas pola parte recorrente, que pasa a resumir, deixando para o final o aspecto relativo á falta de documentación achegada coa proposta da RPT ao Consello de Goberno.

En canto á alegación relativa a que a proposta de RPT achegada a Consello de Goberno non era a mesma que a remitida á Comisión Negociadora como proposta final o 21 de xuño de 2016, a Asesoría Xurídica indica, en base a un informe realizado polo Xefe de Servizo de Persoal de Administración e Servizos, que a única diferenza entre as RPT negociadas pola Xerencia cos órganos de representación do PAS e as aprobadas no Consello de Goberno é que nestas figuraban os códigos alfanuméricos de cada posto, mentres que nas negociadas non se recollían. Cómpre lembrar que a Lei 2/2015 do emprego público de Galicia esixe que as relacións de postos de traballo inclúan, entre outras características, por cada un dos postos un código alfanumérico. En cumprimento de dita esixencia, incorporáronse os códigos alfanuméricos ao documento que se aprobou no CG. O feito de que este código non figurase no último documento presentado á Comisión Negociadora non significa que exista vulneración material ao dereito negociador dos representantes do persoal, toda vez que o código alfanumérico é un dato engadido a cada denominación do posto a efectos do seu tratamento informático, sen que aporte nin mude nada das características de cada posto de traballo, esixidas pola normativa de aplicación, e que si foron incluídas na proposta final que a Xerencia presentou á Comisión Negociadora o 21 de xuño de 2016.

Alégase tamén que a proposta de RPT do persoal laboral elevada a Consello de Goberno o 22 de xullo de 2016 non incorpora a situación física de referencia habitual do persoal. Na RPT aprobada cúmprese o previsto polo artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en particular o esixido polo artigo 38 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, xa que consta a adscrición orgánica de cada posto ou o que en

termos do artigo 13.1 do II Convenio Colectivo do PAS laboral é centro ou unidade de traballo, toda vez que se indica na proposta o campus e centro ou unidade administrativa de adscrición.

Alégase que tal e como se presenta a RPT, non se respectan os principios de igualdade, capacidade e mérito para a cobertura do concurso ou dunha oposición. A este respecto, destaca o informe que a proposta de RPT finalmente aprobada, consonte ao esixido na normativa vixente, recolle a forma de provisión de cada posto de traballo, mentres que a alegación atinxe ao proceso posterior, o de execución da RPT, que conleva os respectivos concursos e oposicións, nos cales, por suposto, sería inescusable o cumprimento dos principios de igualdade, capacidade e mérito.

Tamén se reclama que non foi presentado un protocolo de actuación para a reordenación e execución da RPT, que, de novo, é un aspecto relativo á execución. Reitera a secretaria xeral que, para analizar a legalidade do acordo do Consello de Goberno polo que se aprobou unha nova relación de postos de traballo para o persoal laboral, hai que verificar o cumprimento da normativa relativa á elaboración e aprobación de relación de postos de traballo aplicable ao persoal laboral de administración e servizos da Universidade. Non podendo ser obxecto deste recurso os posteriores actos administrativos que se diten en execución ou desenvolvemento da mesma.

Sobre as seguintes tres alegacións, relativas a que se fixo saber perante o Consello de Goberno a falta de sentido na amortización e creación de prazas, da falta de promoción horizontal e vertical e da falta de estrutura real en diversas áreas e servizos, ademais da falta de adscrición a unha parte importante do persoal, considéranse que son críticas lexitimamente formuladas pola parte reclamante no Consello de Goberno, pero das que non se desprende unha crítica xurídica relativa ao incumprimento da normativa vixente, polo que non poden ser tomadas como base para a estimación do recurso de reposición interposto.

Sobre o alegado peche de negociacións adoptado unilateralmente pola Xerencia sen ter aprobadas as últimas actas, aclara a secretaria xeral que para que as RPT sexan válidas, tanto no caso do persoal funcionario como laboral, deben ser sometidas a negociación colectiva. Pero a normativa aplicable non esixe que tal negociación culmine cun acordo entre os representantes de persoal e a Administración, para a súa aprobación. De ser así, a representación dos traballadores tería o poder de impedir a aprobación da RPT polo simple feito de non asinar as actas, en contra da capacidade que a lei reconece á Administración de regularse mediante unha RPT. Tamén recolle o informe de AX que esta falta de sinaturas non pode ser considerado un vicio invalidante da resolución aprobada, xa que a non é atribuíble á Universidade, polo que non deparou indefensión ningunha aos representantes do persoal, posto que lles habilitou o trámite legal necesario para que puideran asinar, ou alegar, ou opoñerse ás dúas derradeiras actas. Ao non facelo, a Administración debe dar por concluído o trámite e impulsar de oficio o proceso ata a resolución final.

Sobre a necesidade de que o Consello de Goberno ratifique os acordos cos órganos de representación e non que os impoña, aclara a secretaria que se trata dunha consideración sindical, que non pode ser obxecto de valoración xurídica para a posible invalidación do acto recorrido. Lembra, non obstante, que a aprobación da RPT, como se dixo anteriormente, esixe negociación pero non acordo na Comisión Negociadora como requisito para a súa aprobación.

Finalmente, a secretaria xeral pasa a analizar a primeira das alegacións, relativa á non presentación de informes como documentación relativa ao punto cuarto da orde do día. Faise referencia á falta de informe da avaliación dos postos actuais provistos á marxe da RPT e da memoria xustificativa específica en relación co cambio de denominación das categorías profesionais. Ao respecto debemos indicar que ao Consello de Goberno foron achegadas na súa sesión de 22 de xullo de 2016, como documentación ilustrativa do punto da orde do día relativo á aprobación da RPT do PAS laboral da Universidade, a Memoria sobre a modificación da Relación de Postos de Traballo acompañada da respectiva Memoria Económica. Son documentos que non son esixidos na normativa de obrigado cumprimento, polo que estas alegacións non poden ser tomadas xuridicamente en consideración para estimar o recurso presentado.

A Universidade poderá modificar a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos por ampliación das prazas existentes ou por minoración ou cambio de denominación das prazas vacantes. A supresión das prazas da relación de postos de traballo garantirá os dereitos económicos e

administrativos do persoal afectado, sen prexuízo do disposto no réxime xurídico básico que sexa directamente aplicable, e requirirá un informe previo específico que a Xerencia lles presentará aos órganos de representación unitaria do persoal.

En relación á alegación de que non foron achegados aos membros do Consello de Goberno o informe negativo emitido polo Comité de Empresa de Pontevedra, nin tampouco consta o informe favorable da Xunta de Galicia, no escrito de recurso engádesse posteriormente que "*na mesma sesión do Consello de Goberno, no punto 4, volveuse a pedir a retirada do punto da orde do día e volveu a argumentarse a falta de documentación*". Antes de resumir o que a este respecto indica o informe de AX, a secretaria xeral explica que, como en todos os puntos que son debatidos no Consello de Goberno, a documentación que acompaña a orde do día está constituída por aqueles documentos que as xefaturas de servizo consideran necesarias para elo. E así se fixo tamén no Consello de Goberno do 22 de xullo. E polo tanto, considerando que a documentación aportada era correcta, non se atenderon ás cuestións de orde que foron formuladas polos representantes sindicais na sesión.

Continúa a secretaria expoñendo que a Asesoría Xurídica, no seu informe, pon de manifesto en primeiro lugar a Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, establece nos artigos 82 e 83, que os informes se solicitan a efectos da resolución do procedemento, e son necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución e, polo tanto, para a formación da vontade do órgano que debe aprobalo. E realiza unha intensa revisión da xurisprudencia relativa a este tema (diversas sentenzas xudiciais do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid e do TSX de Extremadura, e Canarias, ademais dunha sentenza de marzo de 2007 en relación coa RPT do PAS da Universidade de Vigo de 2006) nas que se pon de manifesto de xeito claro e contundente a necesidade de que os informes solicitados nun procedemento sexan aportados xunto coa orde do día diante do órgano que debe resolver, con independencia de se son favorables ou non, non sendo posible engadilos cun prazo menor, salvo en casos urxentes que deben ser debidamente xustificadas. Polo tanto, non sería válido o que se fixo no Consello de Goberno: dar lectura a ditos documentos, senón que deberían ser aportados coa orde do día para permitir que os membros do Consello elaboren o seu criterio e tomen a súa decisión en base a dita documentación. E esta ausencia de documentación, si que se considera un defecto invalidante do acordo tomado no Consello de Goberno do 22 de xullo.

Para finalizar esta exposición, a secretaria explica que, como acto de responsabilidade institucional, para dar a seguridade xurídica necesaria ao proceso de aprobación da RPT, o equipo de goberno fai súa a opinión que manifesta a Asesoría Xurídica neste informe e propón que se estime parcialmente o recurso presentado polo presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, e se anule o acordo tomado polo Consello de Goberno en relación co punto 4 da convocatoria da sesión 22/07/2016, relativa á relación de postos de traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos, retrotraendo o procedemento ao momento da convocatoria, na que deberán aportarse todos os documentos esixidos polas normas de aplicación, co obxectivo de emendar un defecto de forma no procedemento e que teña as garantías xurídicas necesarias. Sendo esta a proposta que se presenta para súa aprobación neste punto.

O reitor cede a palabra a Marcos Estévez, en calidade de primeiro asinante do recurso, quen indica que aportará o texto ao que dá lectura para que sexa engadido como anexo á acta (incorpórase o **Anexo III** que contén a documentación relativa a este punto).

Comeza expoñendo que a negociación é un proceso para chegar a un acordo ou unha solución e que, dado que non había unha RPT dende o 2000 as centrais sindicais consideraron que esta era unha oportunidade para acometer as necesidades de persoal da Universidade, pero a decisión unilateral da Xerencia de finalizar a negociación delata que todo foi un simulacro e que xa estaba todo decidido previamente, polo que nas vinte e unha reunións non houbo vontade real de negociación.

Considera que a RPT que se propón a un único criterio: o de aforrar custes de persoal e de contratación coa ferramenta da flexibilidade laboral. Indica que as prazas que se estabilizan foron impostas por necesidades da Universidade e neste proceso debería analizarse se son reais ou non, pero non se leva a cabo ese estudo, estabilizándose sen mais, limitando as posibilidades orzamentarias da RPT. Expón que na mesa negociadora se propuxeron modificacións para achegar posturas, dando opcións para que

atendendo as necesidades que se nos indicaban se afectara o menos posible aos traballadores, pero estas propostas non foron atendidas. Expón a opinión de que nos anos nos que se leva tratando con esta Xerencia este é o xeito habitual de traballar, alegrándose de que noutros sectores si que se negocie. Reitera que os traballadores si que desexan a negociación, como vía de mellora dunha institución que se preocupe polas persoas e non só dos edificios, para que poidan ter confianza no seu futuro.

Subliña que nesta proposta de RPT os traballadores e traballadoras son intercambiabes, prescindibles e flexibilizables, e non queda claro o obxectivo, poñendo de manifesto o esgotamento da institución. Pide ao reitor e ao xerente que tomen as rendas para que a Universidade dea exemplo de dinamismo na creación de emprego en tempos tan difíciles.

A continuación esboza de xeito resumido os argumentos que sustentan a súa oposición á proposta de RPT: - Modifica as condicións laborais dunha gran parte do persoal. - O persoal de conserxería ten que concursar practicamente na totalidade, debido a indefinición de funcións. - Cambia de destino a todo o persoal de biblioteca do Campus de Vigo. - Os técnicos de laboratorio pasan a ser do centro, en vez do departamento, a pesar do posicionamento en contra dos directores de departamento. - Persoal de servizos informáticos: todos van servir para todo. - Destaca que o código alfanumérico si é importante porque especifica as características da praza, e non é o mesmo o que se negociou que o que se trouxo ao Consello de Goberno.

Fai tamén fincapé nas datas de distintos fitos: o 20 de xuño dáse un ultimato por parte da Xerencia; o 4 de xullo emítese o informe negativo do comité de Empresa de Pontevedra; o 13 de xullo a Xerencia envía a proposta da RPT á Xunta de Galicia coa memoria económica e dous días despois a XUGA emite informe favorable, e pregunta por que non se incluíron os informes na documentación do Consello de Goberno do 22 de xullo.

Finaliza a súa intervención dirixíndose a cada un dos membros do Consello de Goberno, destacando a falta de espírito crítico que se pon de manifesto cando se aprobou a RPT sen esixir a documentación precisa. Cuestiona se na sesión de hoxe están seguros do que van decidir e da súa validez, e incide na necesidade de cuestionarse por que os representantes do persoal da Universidade vense obrigados a acudir ao Consello de Goberno.

Solicita que non só se tome en consideración o recurso presentado, senón que se retire o punto seis da orde do día e se volva á mesa de negociación e se atendan ás súas propostas.

O reitor abre unha rolda de intervencións na que solicitan a palabra os Sres. Xan Cebro, Luis Pérez, Federico Fernández, e Bienvenido Diez.

Comeza a súa intervención o Sr. Xan Cebro manifestando o seu apoio ás palabras do presidente do Comité de Empresa de Pontevedra e aos compañeiros do PAS laboral. Fai fincapé en que esta situación é grave porque afecta a persoas, xa que detrás de cada praza hai persoas coas súas particularidades, non números. Engade que se non fora por esa gravidade, a situación sería cómica, cunha negociación ficticia que a cortan arbitrariamente, non se asinan as actas... Afirma que non é certo o dito pola secretaria xeral, xa que non se asinaron as actas porque non se convocou ao Comité de Empresa nin á Xunta de Persoal para asinalas, senón que se chamou aos presidentes para que pasaran por Xerencia a asinar. Por último, continúa, por primeira vez, a Xerencia envía uns correos electrónicos á comunidade atacando aos órganos de representación, forma de actuación que lle parece moi incorrecta dado o salario que percibe.

Continúa expoñendo que no caso de que se aprobe a RPT no punto seguinte, vai acabar nos tribunais e estes van dítar en contra da Universidade, e van acordar indemnizacións. Asegura que dispoñen de documentación suficiente para tombar a RPT nos tribunais. Pregúntase que sucedería se o Comité de Empresa non presentara o recurso cando a propia Asesoría Xurídica di que o proceso é nulo de pleno dereito. Todo o proceso volvería para atrás pero ao cabo de un par de anos. Insiste en que teñen gañado o preito, tanto en laborais como en funcionarios, e máis do 30% do persoal o apoia, cos gastos que supón. Anuncia que van pedir responsabilidades patrimoniais. Subliña que as cousas se fixeron mal e a responsabilidade da falta de documentación non é do xefe de servizo, senón do equipo xerencial e o equipo de goberno.

Solicita que non lle responda o vicerreitor de Economía, senón o xerente, xa que en cuestións de RPT este é o responsable, debe responder quen se sentou na mesa de negociación. Pide que se lle presente un acordo asinado polos comités ou a Xunta PAS ao longo dos seis anos que levan traballando con esta Xerencia. Considera que se impuxeron temas como a bolsa horaria, tema de baixas, os dezaioito contratos do Grupo I do PAS laboral que foron todos, excepto o de veterinario, sen acordo, en contra dos órganos de representación. E agora están na RPT. Di que se perde a promoción do persoal laboral, que se explique, xa que as prazas do Grupo I son moi perfiladas. Insiste en que con esta RPT non é posible a promoción do persoal laboral, nin funcionario. Insiste nas 224 prazas ofertadas pola UdC e en que non se poden escudar na Xunta de Galicia, senón que a promoción do PAS ten que vir primeiro a Consello de Goberno.

Finaliza a súa intervención solicitando a dimisión do equipo xerencial.

Intervén a continuación o Sr. Luis Pérez, que se manifesta confuso nesta situación. Indica que, como presidente do Comité de Empresa de Ourense xa dixo o que tiña que dicir en contra da RPT na sesión do 22 de xullo. Pero en outubro, continúa o mesmo escenario, polo que lembra unhas palabras de Jodie Foster “Teño fe no ser humano, pero vivimos tempos de cinismo” que definen a súa sensación. Diante do recurso de reposición, extrae a conclusión de que estase a facer un traballo de colaboración co equipo de goberno, cando se está en contra das propostas de goberno. Insiste na súa confusión porque a RPT do PAS laboral xa está publicada no DOG, e está seguro de que no punto seguinte se vai votar de novo dita RPT, o que lle leva a cuestionarse que facemos aquí. Neste punto, explica que no caso de votar a favor da estimación parcial do recurso, estáselle facendo un favor ao goberno, xa que se desestiman todos os puntos do recurso excepto un que causaría problemas no xulgado, de tal xeito, continúa, que utilizando a parte social se corrixe un erro que foi posto de manifesto polos representantes do persoal na sesión anterior. Parece que sempre a culpa é do PAS, subliña, no tema dos documentos e tamén en que os argumentos que desestiman os outros puntos do recurso, tamén saen do PAS, xa que o servizo de Asesoría xurídica tamén o son.

Entra a comentar a relevancia do código alfanumérico que non se lle deu importancia na negociación, pero logo apareceu no Consello de Goberno e no informe xurídico dise que é só para a utilización do programa informático. Pon exemplos de códigos alfanuméricos que diferencian horarios de traballo ou que identifican postos de singularización funcional. A lei di que os códigos teñen que estar, e se dixo na negociación, pero a RPT aprobouse a pesar de que se dixera, e vai volver a aprobarse. Comenta que na súa opinión estase a realizar un fraude de lei, xa que tecnicamente é correcto: acéptase parte do recurso de reposición, pero vólvese en contra da parte social. Expresa a súa discrepancia coa maior parte do informe da Asesoría Xurídica, e considera que aceptar só unha parte do recurso é prexudicial para o persoal, polo tanto, se non se vai aceptar na súa totalidade, solicita que os que aprobaron a RPT voten en contra do recurso. Deste xeito deixaría de ter sentido o punto seguinte, sendo máis coherente a actuación, porque non habería que votar unha RPT que xa está publicada. Reitera a súa petición de voto en contra.

A continuación toma a palabra o Sr. Federico Fernández, quen comeza pedindo desculpas publicamente ao persoal da Secretaría Xeral polo correo electrónico que enviou á lista de Comunidade dende o correo da CIG. Explica que en ningún momento quixo poñer en dúbida o traballo dos compañeiros, senón que pretendía aproveitar un feito casual, un erro, para enfocar con ironía e sorna os feitos que se debaten nesta sesión.

Entrando xa nos comentarios deste punto, indica que achega o texto da súa intervención, para achegar á acta como Anexo e dá lectura ao mesmo. Lembra que no Consello do día 22 de xullo presentou unha cuestión de orde, na que solicitaba a retirada da RPT laboral pola ausencia de documentación precisa para analizala; en concreto ambos informes, o do Comité de Empresa e o da Xunta de Galicia. Indica que do último informe ten coñecemento agora. Ademais destes argumentos para a retirada, presentaron outros argumentos para votar en contra. Destaca que o informe da Asesoría Xurídica reconece que ambos documentos son preceptivos para a aprobación da RTP. Aproveita para instar a que se envíen os documentos por separado, xa que dito informe da AX viña agochado ao final do PDF no que se achegaba o recurso reposición e non debería ser así.

Destaca que non se entende por que razón non se achegaron os informes ao Consello de Goberno de xullo, se a data de emisión era previa a dito Consello. E que os representantes dos traballadores actuaron de boa fe, proba é que o advertiron. De non ser así, sería un xuíz o que declarara nulo o acto de aprobación da RPT con posterioridade.

Pregunta, finalmente, se tiña sentido negociar a execución dun acto recorrido como esta RPT cando se lles convocou o mes de setembro. Afirmar que hai argumentos para considerar que a RPT ten defectos e vai en contra das condicións de traballo do persoal, como se tratará no punto seguinte. Remata expoñendo que a CIG se suma ao recurso presentado, e pide a revogación da RPT do PAS laboral aprobada o 22 de xullo polo Consello de Goberno.

O profesor Bienvenido Díez, como representante de UGT do PDI, quere amosar a solidariedade cos compañeiros do PAS, apoiando as reivindicacións expresadas polo colectivo de PAS, xa que, sendo unha sección única, as decisións tómanse en conxunto. Manifesta, como xa fixo en xullo, que lle parece preocupante a brecha entre os traballadores da Universidade, e que tras catro meses se mantén o enrarecemento do clima laboral, o que non é bo para institución. Engade a súa preocupación pola especie de esquizofrenia que aparece entre os compañeiros de PDI que, en privado, critican a RPT, pero a apoian en público, polo que pide máis coherencia nestas posicións. Nesta liña, dá lectura a un texto, que achegará para ser incorporado a acta no que se fai constar que UGT fixo unha breve intervención enumerando as cuestións polas que non podían aceptar a RPT, entre as que estaba a dúbida no cumprimento da legalidade vixente. Destaca tamén que a oposición á RPT era unha posición unánime da parte social e que a proposta aprobada supón un empeoramento das condicións de traballo. Apunta tamén a dous aspectos aprobados no anterior convenio colectivo que quedaron pendentes: a promoción dos técnicos de laboratorio e informáticos, e a situación do grupo IV. No seu momento a Xerencia aduciu dificultades do capítulo I e neste caso interrompeu a negociación alegando a urxencia da aprobación do teito da masa salarial, polo que quedan sen considerar ambos puntos. Critica tamén a situación do persoal de conserxería na RPT, así como a carencia dunha estrutura que permita a promoción do persoal. Considera que esta RPT precariza e obriga á externalización de servizos, e crea problemas en todos os servizos, pero especialmente no Campus de Ourense e no campus histórico.

O reitor cede inicialmente a palabra a secretaria xeral para facer unha aclaración, e posteriormente ao xerente para que dea resposta as cuestións formuladas.

A secretaria xeral comeza agradecendo as desculpas presentadas polo Sr. Federico Fernández no nome do persoal da Secretaría Xeral, e explica que o procedemento de subida da totalidade da documentación é complexo, polo que inicialmente se fixo nun documento, pola tarde se subiron xa como documentos independentes e perfectamente identificados, e un día despois nun único pdf con índice e marcadores para facilitar a consulta dos membros do Consello de Goberno.

A continuación, subliña que o equipo reitoral non se escuda nos PAS para xustificar un defecto de forma no procedemento. O que reitera é que inicialmente son os xefes de servizo os que indican a documentación que se debe achegar ao Consello de Goberno, neste caso, realizando unha interpretación de como debe realizarse a negociación da RPT segundo recollen os Estatutos da Universidade de Vigo. E esa interpretación foi mantida e secundada polo equipo reitoral. E precisamente porque o equipo asume que hai unha posibilidade de erro no procedemento que non recoñecemos cando vostedes o indicaron na anterior sesión do Consello de Goberno, e xa que se quere realizar o proceso coa debida seguridade, traemos a esta sesión a estimación parcial do recurso para poder corrixir o defecto de forma que foi posto de manifesto nel.

Intervén o xerente respondendo á pregunta de que facemos aquí, formulada polo Sr. Luis Pérez e, subliñando as palabras anteriores, afirma que este é un exercicio de responsabilidade. Que tratándose dun tema de tanta relevancia para a Universidade, así como para as persoas que traballan nela, hai que ser valente e se se poden facer as cousas mellor se asume e se inicia de novo o procedemento, traballando sempre cos compañeiros dos servizos e achegando toda a documentación que sexa necesaria. Porque, insiste, todos os informes existían no momento da aprobación, e eran públicos, polo que estamos ante unha cuestión formal, non de fondo. A cuestión que xorde é se no momento da toma de decisión do

órgano colexiado uns documentos que eran públicos, que estaban na páxina web e que estaba comunicada, se achegaron coa convocatoria do día aos membros de dito órgano.

En relación co procedemento seguido, fai fincapé en que a negociación dura entre dezaioito e vinte meses (xaneiro 2015- xuño/xullo 2016). Este tempo deu para avanzar moito, os pasos que se deron, as achegas presentadas a toma de consideración das mesmas, están recollidos nas actas e publicadas na páxina web de libre acceso para a comunidade universitaria. Non se pode dicir que non houbo negociación, engade, e negociouse de boa fe por ambas partes. Pero toda negociación ten que ter un inicio e un final. E negociar é tentar achegar posturas e tentar chegar a un punto de encontro, por ámbalas dúas partes. Iso foi o que se tentou facer ao longo deses meses, e pode verse claramente nesas actas, di o xerente.

Lembra que, como explicou o vicerreitor de Economía no Consello de Goberno anterior, por circunstancias económicas e políticas era o momento de que se levara a cabo algo que non se facía de hai anos, como vostedes mesmos expuxeron: estruturar a relación de persoal e reducir a eventualidade. Esta proposta consolida 48 postos de traballo na RPT, iso foi no que se traballou, tanto na de PAS funcionario como laboral. Explica o xerente que as RPT actuais inclúen agora mesmo 683 postos de traballo e a proposta presentada recolle 731 postos de traballo, é dicir 48 postos fixos máis, que figuran nun documento oficial publicado no DOG. Non se entende, continúa, que alguén diga que iso é precarizar, ou externalizar os servizos públicos. Máis ben é ao revés, cando se incrementa a forza de traballo dun sector público con postos fixos, estables, estase a realizar unha aposta polo fortalecemento deses servizos públicos.

Pero, prosegue o xerente, ademais das letras tamén hai cifras e afirma que, en efecto, estamos suxeitos a un límite de masa salarial e, como a norma esixe, debemos solicitar autorización da Xunta de Galicia para establecer un determinado límite de masa salarial. E nos autorizan o incremento que consideran apropiado. É certo, que dentro deses límites priorizouse a estabilización e estruturalización de 48 postos de traballo, remarca o xerente. Porque nunha decisión con eses límites económicos hai que elixir, entre subir salarios e estabilizar postos de traballo. Iso non quere dicir que non se podan ter en consideración os temas de promoción, como xa vimos e xa se irá vendo. Pero houbo que tomar unha decisión e tomouse, e non se manifestou o rexeitamento desas prazas por parte dos representantes, especialmente do Comité de Empresa de Pontevedra a ditas prazas fixas. De feito, o propio Comité propuxo por escrito a estabilización de todas as prazas por riba da RPT. Pero, insiste, é necesario cadrar os números; non se pode acadar todo á vez, é necesario priorizar.

Para finaliza, insiste en que houbo un proceso de negociación e se mudaron as propostas de Xerencia, porque si que se escoitou á outra parte, e si que se tiveron en conta as achegas realizadas, polo que as propostas finais non son iguais ás que se presentaron inicialmente.

O reitor resume a proposta que se presenta diante do Consello de Goberno, que consiste en estimar parcialmente o recurso de reposición presentado, en base ao informe da Asesoría Xurídica. Posto que dende as persoas que interviñeron se propuxo tamén a non estimación do recurso, faise preciso realizar unha votación.

Resultado da mesma: 20 votos a favor da estimación parcial, 10 votos en contra. O Sr Luis Pérez desexa facer constar o seu voto particular en contra. Non hai abstencións.

Polo tanto, apróbase a estimación parcial do recurso presentado polo presidente do Comité de Empresa do PAS laboral da provincia de Pontevedra, e anúlase o acordo tomado polo Consello de Goberno en relación co punto 4 da convocatoria da sesión 22/07/2016, relativo á relación de postos de traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos, retrotraendo o procedemento ao momento da convocatoria. (**Anexo III:** Inclúe toda a documentación relativa a este punto)

6. No caso de estimación do recurso de reposición do punto 5, aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Laboral de Administración e Servizos.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral para a fundamentación deste punto, vinculado á estimación realizada no anterior.

A secretaria xeral sinala que, como se vén de aprobar do punto anterior, a estimación parcial do recurso implicaba a anulación do acordo de aprobación da RPT do PAS laboral e a retroacción ata o momento da convocatoria. Polo tanto, cómpre traer diante deste Consello de Goberno a aprobación, novamente, da RPT do persoal Laboral de Administración e Servizos, con toda a documentación requirida para que este órgano forme a súa vontade.

Recoñece que pode chamar a atención, mesmo parecer precipitada, a inclusión deste punto de aprobación xunto a continuación do anterior, pero obedece a dúas razóns de importancia, que pasa a explicar:

- En primeiro lugar, a necesidade de incorporar os custos de execución nos orzamentos para o ano 2017.
- E, en segundo lugar, porque unha vez aprobada a RPT deberá continuarse coa negociación para o proceso de execución da mesma coa rapidez necesaria, para que a provisión de postos de traballo e os procesos de concursos de traslados etc, que poidan ter lugar, coincidan no período que administrativamente é máis favorable, que vén a ser entre febreiro e marzo, xa que non teñen lugar procedementos administrativos intensos que poidan dificultar estes procesos (como matrículas, peche económico, cualificacións etc.).

O reitor cede a palabra ao xerente para a presentación do contido do punto, o que realiza mediante a utilización dunha presentación informática que se achega á este acta (xunto toda coa documentación relativa a este punto, no **Anexo IV**).

O xerente reitera que se trata da mesma proposta debatida xa na sesión anterior do Consello de Goberno, porque simplemente se rectifica un defecto formal. Polo tanto, realiza unha presentación moi breve dos aspectos fundamentais.

Parte o xerente da orixe do proceso: as necesidades da Universidade. Resalta que a Universidade de Vigo non esmorece, como se ten dito, senón que é dinámica, crece, e cada vez asume máis retos, algúns dos cales menciona: como a especialización ou o avance na investigación e a transferencia, ata as propias esixencias da xestión, tanto dende o punto de vista económico ou de xustificación como os requirimentos da administración electrónica, así como a atención a outras cuestións, como a responsabilidade social, a transparencia, as boas prácticas. E, por suposto, a actividade académica, que nos leva a asumir novas tarefas e responsabilidades.

Para dar resposta a estes retos, continúa, é imprescindible que a administración acompañe á Universidade neste desenvolvemento. Así, por unha banda é necesaria a capacidade de traballo en equipo e a de adaptación a un entorno cambiante que está a mudar de xeito continuo, e por outra banda considerouse prioritario a estabilización do persoal existente por enriba da RPT. Faise necesario, polo tanto, desenvolver unha organización transversal homoxénea e eficaz. E todo iso, engade, cun escrupuloso respecto á legalidade vixente.

Expón a continuación os puntos clave do camiño seguido. No ano 2013 o Comité de Empresa de Pontevedra solicitou que se iniciaran os procesos de funcionarización e, vencellado a iso, unha revisión da RPT do PAS laboral. Atendendo a estas indicacións, no ano 2015 constituíuse a comisión negociadora do RPT PAS laboral e se estableceron criterios para chegar a un acordo. A negociación desenvolveuse ao longo de dezoito meses. Neses meses acadáronse acordos con parte dos representantes dos traballadores, para algo que era preciso para desenvolver ben a RPT, que foron os acordos sobre a estrutura da xefatura e coordinación do PAS laboral da UVigo, e se puxeron en marcha os procesos de funcionarización. Por unha banda houbo un desenvolvemento interno, realizándose un traballo de análise cos comités de empresa, o que se denominou comisión de estudo e, finalmente, constituíuse unha comisión tripartita para a funcionarización do PAS laboral, na que xa participaron os representantes do PAS funcionario. Insiste unha vez máis, que todos estes pasos están publicados na páxina web para todos os membros da comunidade universitaria e do conxunto da sociedade. Subliña o xerente que todos estes pasos foron dados de común acordo cos representantes dos traballadores.

Comenta a continuación que traslada a nova RPT.

Por unha banda, unha nova estrutura de dirección do PAS laboral que, se ben é habitual no PAS funcionario, non o era no laboral. Creouse aproveitando o acordo acordado cos representantes dos traballadores, establecendo direccións, subdireccións e responsabilidades para que os servizos de ámbito máis laboral se vertebren e poidan traballar con criterios de profesionalidade e xerarquía.

Por outra banda se estruturalizan 35 postos de traballo que estaban por riba da RPT, totalmente eventuais, polo que se da seguridade a estes traballadores e se elimina precariedade.

Tamén se realizaron cambios en moitos ámbitos:

- Por unha parte na área institucional consolídanse postos de Innovación educativa e un posto de xestión de igualdade.
- Nas áreas de tecnoloxías da información e comunicación créanse tres áreas: área de Atención ao usuario e equipos persoais, unha de Soporte e xestión de aplicacións e outra de Operación, cando na actualidade non existe esa diferenciación. Estes cambios se encamiñan á profesionalización do persoal.
- Na área de extensión universitaria se diferencian unha área de Cultura e unha de Deporte, na que se crean responsabilidades específicas: unha dirección técnica e dúas responsabilidades no Campus de Ourense e Pontevedra.
- Se crea unha área de Oficina de I+D cunha dirección e na que se diferencian dúas áreas que na actualidade non están definidas e nas que se crean postos de traballo.
- Créanse prazas dentro da RPT nos centros de Apoio á Investigación, que é unha aposta da Universidade.
- Na biblioteca organízanse as prazas para o Campus de Vigo.
- No ámbito da Calidade se crea unha responsabilidade, que está máis no ámbito laboral que no funcionario, aínda que poidan interrelacionarse co funcionariado.
- Na área de Relacións internacionais créase unha dirección técnica, pero tamén unha interrelación co mundo funcionario.
- Na área de Prevención créase unha praza de técnico medio de prevención.
- E na parte de Servizos Xerais se volve a interrelacionar o mundo laboral e funcional pensando despois na etapa de funcionarización voluntaria posterior, que era unha das demandas que nos trasladaban os comités inicialmente. Tamén se crean unhas áreas específicas para a atención dos servizos xerais e os servizos de apoio á docencia, tanto no Campus de Vigo como nos de Ourense e Pontevedra.

Finaliza cunha exposición dos datos numéricos nos que se traducen estas modificacións, pasando dunha RPT que ten 317 postos de traballo a outra, que é a que se propón con 351 postos, o que implica a autorización para a consolidación de custos salariais por valor de 1.266.000 euros. Destaca o xerente, que isto constitúe unha aposta clarísima da UVigo polos seus traballadores, priorizando a creación de postos de traballo de calidade no sector público.

Pero, engade, que ademais se considera que unha RPT ten que ser dinámica, e que consonte vaian xurdindo novas necesidades irá dándoselles resposta, como se fixo ata o de agora. Engade que tampouco se pecha a posibilidade de melloras para determinados compañeiros, e poderá ser analizado, pero deberá asumirse nunha fase posterior e sempre tendo en conta os límites de masa salarial que anualmente autoriza a Xunta de Galicia ás universidades do SUG e o mantemento do equilibrio económico-financieiro da Universidade.

Finaliza o xerente facendo referencia ao compromiso deste goberno co proceso de funcionarización do PAS laboral, e lembra que para dar ese impulso se deron os primeiros pasos coas cinco ou seis reunións que se levaron a cabo no grupo de traballo cos comités de Pontevedra e Ourense, abríndose despois o proceso a participación do PAS funcionario, cos que se mantiveron ao menos dúas reunións.

Tras a exposición do xerente, pide a palabra o Sr. Xan Cebro, quen solicita que conste en acta o apoio recibido polos representantes do alumnado, así como o do profesorado que votou en contra, así como ás persoas que non asistiron e que tamén entenderon que é difícil estar aquí e aprobar algo en contra do colectivo do PAS.

Asegura que a pesar de que se vaia aprobar a proposta de RPT, e se desestimen os argumentos do recurso de reposición, no xulgado as alegacións serán de máis peso, porque na súa opinión o equipo de goberno está poñendo fácil tirar a RPT, xa que cada día mete un pouco máis a pata. Insiste en que o 30% do PAS funcionario está disposto a recorrer e saben que o xulgado a vai botar abaixo, que van gañar. Houbo negociación, si, reconece, pero é a primeira vez que non se chegaron a acordos. Primeiro se puxo a escusa da Xunta de Persoal, logo os comités de empresa, todos deben estar equivocados. Por primeira vez, todos están unidos en contra da proposta. Aclara que se van solicitar responsabilidades patrimoniais, como sinala a lei, e considera que debe pagalo quen tomou a decisión, deben asumir esa responsabilidade. Por iso, finaliza a súa intervención pedindo que os que voten en contra da proposta da RPT o fagan de xeito nominal. (Achega un documento que se inclúe na Acta xunto coa documentación deste punto)

O Sr. Federico Fernández dá lectura a un documento que achega para incorporalo á acta. Solicita que se retire a proposta de RPT, porque o reitor manifestou na sesión do 22 de xullo que o debate tiña que levarse a cabo naquela data, e que, de non ser así, non habería outra posibilidade debido aos prazos establecidos pola Xunta de Galicia e que finalizan o 30 de xullo. Do mesmo xeito, o vicerreitor de Economía tamén expresara a necesidade de aprobala naquela data, xa que de non ser así non se podería facer en varios anos. Considera que, xa que se vai revogar a RPT e se supera o marxe do 30 de xullo, débese tomar un prazo para reflexionar e tentar chegar a un acordo, que presupón máis doado ao ter detectados os puntos de conflito. Manifesta a vontade de negociar pola parte social e pregunta se o equipo está disposto a retirar dita proposta.

Responde o reitor, reafirmando o dito na sesión do Consello de Goberno do 22 de xullo, xa que grazas á aprobación da proposta a tempo e a súa presentación antes do 30 de xullo, logrouse a aprobación formal pola Xunta de Galicia do incremento da masa salarial. O traballo que realiza o equipo de goberno se centra en garantir unha masa salarial para o colectivo do PAS. Pódense facer distintas valoracións, estar en desacordo coas formas, nos tipos de postos etc, para iso houbo dezaioito meses para tentar chegar a un denominador común.

Comenta que case todo o que escoita neste Consello, e noutros foros, é máis un tema de execución e que van máis alá da foto fixa que define a masa salarial. Lembra o reitor que, por desgracia, perdeuse hai anos autonomía universitaria no que se refire á política laboral, a pesar de que se siga a pensar que a temos, xulgando polas consideracións que se escoitan.

Subliña que na sesión de hoxe estase a solucionar un aspecto totalmente formal do procedemento ligado á resolución dun recurso de reposición, que non invalida o acordo da Xunta, que fixa o marco económico no que nos movemos para poder tomar acordos a efectos de cadro de persoal estrutural.

O que aprobamos é un cadro de persoal que contén as liñas xerais, a maior parte dos problemas que se formulan aquí, e que preocupan ao persoal, están ligados á execución da RPT, e é nesa etapa na que se poden solucionar. E engade o reitor que se pode dar instrucións á Xerencia para desatascar os problemas da execución con aspectos que teñan que ver coa provisión de postos por riba da RPT, se os representantes dos traballadores se sentan a negociar. Reitera que pódese traballar en cuestións a futuro por riba da RPT, que non se podían plasmar, por responsabilidade, na petición que había que presentar diante de quen nos controla, que é a Facenda pública a través da Xunta de Galicia. Non se pode retirar a RPT porque xa está publicada, xa está aprobada e seguiremos a propoñer que se aprobe, porque tan só estamos resolvendo un defecto de forma. Insiste o reitor na necesidade de sentarse a negociar para acordar e tentar prover as condicións económicas adecuadas para solucionar os problemas das persoas, por iso se introduciu o punto nove da orde do día, para dar unha información inicial do tema da execución tal como foi solicitado por algúns traballadores.

Reitera que lle preocupan os efectos específicos sobre cada persoa dos cambios na RPT, e analizando estes efectos (concurros, traslados etc) poderanse arranxar en gran medida nunha negociación posterior

que permita acadar un acordo de execución. Que se debería ter acadado un acordo sobre a execución antes da aprobación da RPT? Pois non foi posible, responde, e indica que se hai unha falta de acordo entre ambas partes, ambas terán algo de responsabilidade.

O reitor repite, unha vez máis, que non se retira a RPT, porque estamos a dar solución a un problema meramente técnico. A RPT que se aprobou é un cadro fixo ligado a unha autorización económica; que era a última a oportunidade que íamos ter en tres anos de aprobar un incremento da masa salarial próximo aos dous millóns de euros, que permitirá avanzar a esta Universidade. E, por responsabilidade, había que aproveitala. Insta novamente o reitor a traballar con finura e detalle na execución para que se poidan superar os obstáculos.

Intervén novamente o Sr. Federico Fernández, xa que ao ser negativa a resposta á súa pregunta vai continuar coa exposición que tiña prevista. Ante a pregunta do reitor de se é o mesmo que o presentado na anterior sesión do CG, di que ten pequenas diferencias, polo que prosegue coa lectura do documento no que dá conta das razóns polas que o Comité de Empresa de Pontevedra emitiu por unanimidade un informe negativo contra a proposta de RPT, resumidas en: Modificacións substanciais das condicións laborais; necesidade dun protocolo de actuación na reordenación e reorganización dos postos de traballo dos que desaparecen e se recolocan; falta de promoción horizontal e vertical, nin agora, nin nun calendario plurianual; falta de estrutura nas grandes áreas de TIC, laboratorios, Biblioteca e Servizos Xerais.

Remarca que é a RPT da Xerencia, non a de todos, xa que a comisión negociadora non foi quen de chegar a acordos. Realiza unha reflexión acerca do que é unha RPT, da frecuencia coa que deben aprobarse segundo os estatutos, de que a última aprobada é do ano 2000 e xa é tempo de negociar ar unha consensuada e xusta. Lembra cales foron as modificacións parciais introducidas, e como se levaron a cabo. Di que en moitas ocasións solicitaron a negociación dunha RPT global pero quen demorou esa negociación foi a Xerencia. Polo que chegar a esta situación é debida á Universidade. Engade que a calidade humana e profesional do cadro de persoal non se ve recoñecida nesta proposta, polo que o comité de empresa non a pode apoiar.

Reitera que a RPT que se presenta no Consello de Goberno non é a que se trasladou aos órganos de representación na comisión negociadora, xa que por fin se incluíron os códigos; e comenta outras cuestións como a necesidade de que apareza a situación física do posto; que non se respectan os principios de igualdade, capacidade e mérito para a cobertura de prazas logo dun concurso ou dunha oposición; a práctica inexistencia de prazas do Grupo II; cambio de adscrición do persoal de laboratorios e outros aspectos que xa presentara na anterior sesión do Consello de Goberno. Destaca a falta de promoción, porque desexan unha RPT como solución “ad futuro”, e insiste en que crear unha estrutura non custa cartos e permite axuda á organización e planificación do persoal e do seu traballo. Detalla a continuación aspectos como ATIC, Bibliotecas, Deportes, Belas Artes etc, así como outros aspectos cos que non están de acordo.

Finaliza lembrando que Consello de Goberno debería ratificar os acordos froito da negociación cos órganos de representación e non impoñelos, xa que a imposición dunha RPT co informe negativo dos órganos de representación vai en contra dos dereitos recoñecidos no Estatuto dos Traballadores. Solicita que os que voten en contra da RPT e se absteñan que fagan constar o sentido do seu voto, para que queden exentos da responsabilidade que supón a aprobación, que producirá unha situación de caos na negociación sindical e de incerteza polo proceso no que nos veremos inmersos. Anuncia que tomarán medidas que consideren oportunas en defensa dos lexítimos intereses dos traballadores, e solicitan o respaldo do resto dos membros do Consello de Goberno.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación secundando o dito polo reitor anteriormente, o momento de aprobar a RPT era xullo, era o momento administrativo porque había que mandar a proposta de masa salarial e era o momento político porque de feito logrouse a súa aprobación.

En canto a exposición que fixo polo miúdo o Sr. Fernández da solicitudes de negociación da RPT global e as negativas a dita negociación, quere indicar que dende que este equipo está no goberno en 2011, ano tras ano na proposta de proxecto de orzamentos vai explicitamente a proposta do goberno de negociar

unha RPT. Pero pasaron seis anos e, despois de dezaioito meses e de vinte mesas en cada un dos ámbitos de negociación e despois de ter aceptado propostas da parte social, chega un momento en que hai que presentar a proposta no Consello de Goberno para a súa aprobación. Respecto ao resto dos asuntos máis concretos aos que fixo referencia pode contestar o xerente, pero moitas desas cuestións están pendentes de resolver no proceso de execución da RPT e, como xa dixo o reitor, estamos dispostos a facer unha negociación da execución o máis favorable aos intereses de todas as persoas

O xerente quere afondar no xa exposto polo reitor e o vicerreitor, porque é necesario clarificalo. Na documentación que se presenta ao Consello de Goberno se establece claramente en relación ás normativas cando se ten que remitir a masa salarial á Xunta de Galicia para a súa aprobación cara ao ano seguinte. O anterior plan de financiamento e o actual establecen explicitamente que *“os proxectos de disposicións que creen ou modifiquen a estrutura orgánica das universidades ou os cambios das relacións de postos de traballo non derivadas dunha nova estrutura orgánica, incluíndo o seu custe, remitiranse á Consellería de Facenda para a súa autorización”*. Polo tanto, trátase dun requisito obrigatorio, nos guste ou non. E establecen ademais unha data límite: antes do 31 de xullo. E a aprobación da proposta da RPT se fixo antes de esa data, e a autorización da masa salarial se realizou con esas cifras. Non se poden mudarse e enviarse outras cifras noutro momento distinto. E reitera que iso non é unha decisión da Xerencia, senón que está establecido dende o anterior plano de financiamento do SUG, e segue así no actual. E non se pode aducir descoñecemento, engade, porque xa foi informado tanto nesta sala como noutras, sen prexuízo de ser de público coñecemento por estar publicado nos boletíns oficiais da Comunidade Autónoma.

E, remarca o xerente, a autorización concedida permite un cambio radical que é a de incorporar 48 postos de traballo ao cadro re persoal desta Universidade, e cando se vota en contra da RPT, se vota en contra de estruturalizar eses postos de traballo de compañeiros nosos que pasarán a ter un posto estable na Universidade. Entende que lexitimamente pode haber moitos intereses, e pode defenderse outra posibilidade, pero, despois de dezaioito ou vinte meses de negociación, nos que se contrastaron propostas chegouse a unha foto do cadro de persoal. Recoñece que, como se di, nunca chove a gusto de todos, por iso a Xerencia asume a responsabilidade de elaborar os documentos que sexan o máis acaídos posibles. Non son perfectos, como se ten recoñecido, pero son documentos realistas, tanto é así, que son aprobados polo organismo que ten que o poder de decidir o noso límite de masa salarial, e permite a incorporación deses 48 postos, e así debe recoñecerse, especialmente nestes tempos nos que as administracións perden empregados públicos sistematicamente. Podemos discutir solicitando máis promoción, pódese entender, pero apostouse pola consolidación dos postos de traballo, polo sistema público, ese é o noso interese.

Prosegue o xerente, agradece as verbas do Sr. Cebro, recoñecendo que, en efecto, houbo negociación. E tamén lamenta que non se tivera chegado a ningún acordo, tanto neste tema como noutros. Destaca que hai exemplos de ter acadado acordos en moitas cuestións, tanto con vostedes como cos comités de empresa, moitos deles tratados e referendados neste Consello de Goberno, e ás actas e aos documentos xerados se remite.

Intervén novamente o Sr. Federico Fernández, quen insiste en que se se analiza ben e consideramos cando se comezou realmente a negociar, non foron tantos meses e, engade ademais, que entre reunións chegou a haber mes e medio, polo tanto non se pode falar de dezaioito meses.

O reitor indica que esa é unha opinión e que merece todo o respecto. Pero que antes de pasar á votación cómpre ter claro que é unha RPT, unha estrutura permanente do persoal da Universidade, e o que é a negociación da execución. E, reitera novamente, que segue a escoitar queixas que son relativas á execución, e con relación a eses aspectos, salienta unha vontade total pola nosa parte de arranxar ditos problemas, incluso podemos adiantarnos con postos por riba da RPT para desatascar esas situacións.

Procédese á votar a proposta, que recibe 19 votos a favor, 8 votos en contra (emitindo voto particular en contra o Sr. Xan Cebro) e 1 abstención. (**Anexo IV:** Toda a Documentación relativa a este punto)

7. Toma de acordo sobre a revogación da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral para fundamentar a pertinencia técnica deste punto, e posteriormente ao xerente, se fora necesario para a súa presentación, así como aos invitados a participar deste Consello de Goberno.

A secretaria xeral explica que, unha vez recibido o informe da A.X. considerado no punto 5, no que se propoñía a estimación parcial do recurso e a anulación do acordo do C.G. relativo á aprobación da RPT do PAS Laboral, de xeito inmediato solicitouse un novo informe para valorar a incidencia que dita estimación tería sobre o acordo de aprobación da RPT do persoal funcionario de administración e servizos, tomado no punto 3 da orde do día da sesión do 22 de xullo. Dito informe foi achegado coa documentación que acompaña a orde do día desta sesión, e establece no primeiro punto que ao non haber incorporado o informe desfavorable da Xunta PAS funcionario, nin o informe favorable da Xunta de Galicia, serían de aplicación as mesmas consideracións xurídicas recollidas no anterior informe, non sendo preciso matizalas novamente.

No segundo punto, pasa a responder á pregunta de como pode actuar de oficio a Universidade para resolver a incorrección xurídica detectada no caso da RPT PAS funcionario, para intentar solucionala na vía administrativa ao non haber neste caso un recurso de reposición.

Destaca que existe un interese lexítimo da UVigo en tratar de emendar a circunstancia administrativa que podería invalidar a RPT de funcionarios, xa que, unha vez detectado o erro en relación coa RPT Laboral como consecuencia dun recurso de reposición, parece prudente e oportuno ofrecer as mesmas garantías xurídicas tanto ao persoal laboral como ao funcionario, sen agardar a unha posible sentenza futura que, apreciando a falta de achega da debida información ao Consello de Goberno, anulase a RPT moitos meses despois da súa aprobación, e afectando aos dereitos que os traballadores e traballadoras puideran ter adquiridos como consecuencia da execución da RPT (concursos de provisión de postos de traballo etc.).

Explica a secretaria xeral que o informe da Asesoría Xurídica estima que procede considerar por parte deste Consello de Goberno a revogación da aprobación da RPT PAS funcionario, para que se adopte posteriormente un novo acordo coas debidas garantías, é dicir, achegando a totalidade dos documentos necesarios, sen mudar en ningún caso as características da relación de postos de traballo. E esta é a proposta que traemos diante deste Consello de Goberno.

Considera o reitor que está suficientemente explicado, xa que se trata dunha cuestión técnica para solucionar un defecto de forma derivado da estimación do recurso de reposición anterior.

Cede a palabra á secretaria da Xunta PAS funcionario. Dona M^a José Ríos comeza expoñendo, ao igual que na sesión anterior, indicando que non pode participar como funcionaria afectada pola aprobación da RPT, senón como secretaria da Xunta PAS. Recolle todo o que dixeron anteriormente os compañeiros laborais, aplicable a esta revogación da RPT. Dá lectura, a continuación, a un documento que se achega, xunto coa documentación deste punto como **Anexo V**.

Considera que este punto non se pode quedar nunha simple toma de acordo, senón que hai que falar de incompetencias e presuntos incompetentes. Resulta lamentable tratar da revogación dun acordo cando se lles dixo na sesión do C.G. do 22 de xullo, e máis dunha vez, que faltaba documentación básica para a toma dos acordos, tanto no caso da RPT de funcionarios como na de laborais, incumprindo o artigo 8.4 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno, que pasa a ler textualmente. Indica que ou ben non se molestaron en ler o artigo ou, o que sería peor, se se fixo a propósito para aprobar a RPT de calquera forma antes do 31 de xullo, sería obrar de mala fe, contravindo o artigo 3.e da Lei 40/2015, o que dona M^a José Ríos considera moi grave.

Indícalle o reitor que está a facer unha acusación moi grave, dona M^a José Ríos responde que non é así, que está a empregar o condicional “se” ou “de ser así”.

Considera que é unha situación pouco clara que se podería ter evitado se se acudira antes á Asesoría Xurídica para facer a consulta, antes de presentar a documentación. Di que para iso están, para aclarar se hai documentos que se poden ou non obviar na presentación. E en relación co informe da Asesoría Xurídica, indica que non é certo que non haxa problema por acordar unha revogación porque aínda non se executou a RPT, xa que, cando menos, no caso dun posto da nova RPT xa está ocupado por unha persoa.

Finaliza repetindo que lle parece triste que non se revisara o Regulamento de réxime interno do CG para evitar esta situación, e indica que no próximo punto seguirá coa exposición.

O reitor di que os feitos xa foron aclarados pola secretaria xeral, pero quere insistir para que non se considere que se obrou de mala fe. Repite que, no seu momento, fíxose unha consulta aos técnicos acerca de que documentación de toda a existente era necesario aportar, e se asumiu esa decisión. E engade que os técnicos seguen pensando que se cumpriu axeitadamente co artigo dos Estatutos. Esa foi a consulta que se realizou, porque a documentación estaba toda dispoñible, xa que estaba pendurada na páxina web. Polo tanto, non había ningún problema en enviala coa convocatoria, posto que xa estaba accesible ao público. Resulta evidente, polo tanto, que non hai mala fe. Outra cousa é que esteamos agora resolvendo un defecto de forma derivado das discrepancias xurdidas na interpretación das normativas por parte de distintos profesionais, pero, insiste o reitor, non houbo mala fe en ningún momento.

Intervén a continuación o Sr. Xan Cebro, indicando que non se vai a estender, xa que estáselle dando voltas ao mesmo. Quere manifestar, ao igual que Pedro Sánchez, que “non é non”, que non van entrar na execución da RPT; que a execute a Xerencia, que xa faremos o que teñamos que facer. Engade que van pedir a suspensión cautelar da RPT. E solicita e que os membros do goberno voten en contra, para que a Universidade non teña que gastar unha nova publicación no DOG.

Toma a palabra o Sr. Federico Fernández para dar lectura a un texto previamente preparado (que se incorpora ao Anexo V), xa que intuían o que ía acontecer. Nel lembra a súa intervención no CG do 22 de xullo presentando unha cuestión de orde por falta de documentación que se consideraba imprescindible, e que o informe da AX recoñece como de carácter preceptivo. Pregunta por que non se achegaron se tiñan data previa. Considerando que esta RPT ten defectos e que vai contra as condicións de traballo do persoal, solicita a súa revogación.

Finalizada a rolda de intervencións, sométese a votación a revogación da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

Resultado da votación: 20 votos a favor, 9 en contra. Non hai abstencións. Apróbase. (**Anexo V**: inclúe toda a documentación relativa a este punto)

8. Aprobación, se procede, da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

O reitor cede a palabra ao xerente da Universidade para a presentación deste punto.

Indica o xerente que a exposición será similar á realizada no mes de xullo, e se apoia nunha presentación que se incorpora ao **Anexo VI**, xunto con toda a documentación relativa a este punto. Comeza explicando que a nova RPT xurde para dar resposta ás necesidades de: actualizar unha organización deseñada nun contexto diferente, xa que, como foi apuntado aquí a última RPT, data do ano 2000; preparar a organización para atender mellor as necesidades actuais e futuras nun contexto esixente e en continua transformación e poñer en valor os recursos propios e reforzar aqueles servizos necesarios.

A continuación, o xerente describe o modelo organizativo actual, comparando as estruturas dos tres Campus. No de Vigo, o modelo baséase nunha estrutura en cada ámbito (XS-H, T e C) constituída por unha administración de ámbito, un área de xestión económica e un área de xestión académica. Xunto con esta, existe unha estrutura transversal integrada polas secretarías de departamentos, negociados de asuntos xerais dependentes dos decanatos e direccións dos centros. A estrutura organizativa dos Campus de Ourense e Pontevedra segue a un esquema diferente, no que existe unha área común (creada no 2000) formada por unha administración de Campus e un área de servizos á comunidade e unha estrutura anterior baseada nos centros, practicamente herdada da USC, integrada por unha xefatura de administración

(académica), un negociado de asuntos económicos (chamado aínda responsable), unha secretaria de decanato ou dirección e un ou dous postos base. Polo tanto, ante unha única realidade, como é a atención ao alumnado e ás necesidades docentes e investigadoras, hai respostas diferentes entre os Campus, derivadas deses dezaseis anos, como mínimo, dende que se realizou a última revisión da forma en que a administración ten que atender a ditas necesidades.

Explica o xerente que, despois dun proceso dialogado, no que se recadaron as opinións de persoas con distintos niveis profesionais en relación coa estrutura que debería ter o novo modelo de servizo, chegouse á definición dun modelo común para todos os Campus e ámbitos neste modelo:

- Mantéñense áreas que xa existen, como ás de apoio á Xestión Económica.
- Poténcianse outras como as áreas de xestión académica que se desdobran, especializando a atención aos estudos de grao e aos de mestrado e doutoramento. En relación a este punto, explica o xerente que non todos os traballadores pensaron que esta tiña que ser a división, habendo quen defendía a idea de manter os estudos de grao cos de mestrado nunha área e o doutoramento noutra. Pero, maioritariamente, esta foi a solución que se considerou máis acaída.
- Créanse outras como as de Apoio á Investigación e Transferencia e as de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos. Defínese un área específica de apoio á xestión de Investigación e Transferencia, por entenderse necesaria no modelo de Universidade de estamos a desenvolver. De igual xeito, se crea un área de apoio á xestión de Centros e Departamentos, para dar resposta as necesidades de calidade, mobilidade, prácticas académicas, cooperación nacional e internacional e outras actividades que a día de hoxe carecen do soporte necesario de PAS funcionario.
- Nos Campus de Ourense e Pontevedra, continúa o xerente, mantéñense ás áreas de Servizos á Comunidade, xa que que existe unha serie de apoios que en Vigo se realizan dende servizos centrais e que nestes Campus debe seguir sendo apoiada por estas áreas. E, por último, refírese ás bibliotecas, que funcionan segundo un modelo de xestión centralizado, pero tamén desconcentrado estando presentes en cada un dos Campus.

Prosegue presentando brevemente o novo modelo da xestión centralizada que recolle as áreas existentes na actualidade área Económica, área Académica, un área de Investigación e Transferencia, un área de Xestión de Recursos humanos. Se potencian as áreas de Xestión Transversal, reforzando a unidade de Análise e Programas, Asesoría Xurídica; Emprego e Emprendemento; Extensión universitaria; Relacións internacionais, Secretaría Xeral e un área específica de Servizos Xerais. E finalmente, os servizos centrais da biblioteca.

Pasa a comentar o xerente as cifras que se derivan deste proceso. A RPT en vigor ten 367 postos de traballo e se formula unha nova RPT que ten 380 postos, polo que se crean postos fixos na estrutura de traballo, a máis dunha nova estrutura de responsabilidades, máis próxima ás necesidades actuais e futuras da UVigo, todo o cal está incluído na autorización recibida dende a Consellería de Facenda.

Finaliza o xerente presentando os compromisos de futuro que, loxicamente, non están incluídos na RPT, pero que considera necesario formular en tanto que o proceso de xestión das RPT debe ser un proceso dinámico. En primeiro termo hai que dar resposta a medida que vaian xurdindo as novas necesidades derivadas de novos centros (sede institucional no Berbés, Casa da Auga en Ourense, o desenvolvemento da titulación de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo, a nova sede institucional de Pontevedra ou a nova sede do Campus do Mar na ETEA). Como xa se dixo anteriormente, os Estatutos establecen unha revisión da RPT cada dous anos, e así debe ser para adaptar a estrutura administrativa ás necesidades que van mudando, dentro do marco económico que temos. E, en segundo termo, tamén dentro dese marco e sempre que se garanta a estabilidade financeira da UVigo, fórmase o compromiso de poñer en marcha un plan de promoción que permita que os C2 poidan avanzar á C1, e estes a A2 nun escenario que se poida financiar.

Finalizada a intervención do xerente da Universidade, o reitor cede a palabra aos invitados a participar neste punto, declinando a invitación a secretaria da Xunta do Persoal funcionario de Administración e Servizos, diante de como se está a desenvolver o Consello de Goberno.

Toma a palabra o Sr. Xan Cebro e indica á secretaria xeral que presenta o mesmo escrito que no caso anterior polas cautelas de que os membros do Consello de Goberno que voten en contra da RPT que o fagan nominalmente, pero non o vai ler.

Comeza o Sr. Cebro a súa intervención referíndose ás cifras que amosou o Sr. Xerente, empezando por aquelas nas que indica que existe un crecemento e creación de postos de traballo. Como o xerente mesmo amosa na táboa, no papel que nos fixo chegar, asinado por vostede: Diferenza de efectivos (2017), no PAS laboral: 351 (+ 3), PAS funcionario: 380 (-8). Cuestiona se ese é o crecemento. Menciona tamén os incrementos de 1.270.000 euros para o PAS laboral e 360.000 para PAS funcionario, e pregunta cantas prazas hai por enriba da RPT no PAS funcionario e o custo que iso supón. Lembra que hai persoal por enriba da RPT, non por un pico de traballo, senón contratado co mesmo tipo de traballo dende hai nove anos, esa realidade existe e pregunta se se vai consolidar. Lembra ao xerente que el mesmo lle dixo ao PAS-L que lle pediran e poderían lograr a consolidación do 100% das praza de laboral, e o fixeron, dixo vostede, e máis aínda. Iso lle parece correcto ao Sr. Cebro, pero pregunta de novo canto PAS funcionario se consolida na administración e canto en biblioteca. Repite que hai persoas traballando con contratos dende hai nove anos. É certo que fala da creación de postos de traballo, como o di Rajoy e Feijoo. Pero pregunta, de novo, onde están esas prazas, cando se ten cantidade de postos por riba da RPT.

Expón que hai moita inqueda en Ourense, onde si que é certo que se está executando a RPT e de mala maneira. Menciona o caso dunha persoa, moi traballadora, dun departamento de Ourense que, en contra da vontade da súa directora, vai ter que vir a Vigo. E coa súa nai maior e dependente. Pregunta ao xerente que lle fixo Ourense? Porque o esnaquizaron.

Fala a continuación da proposta do Campus de Pontevedra, da que di que inicialmente pensou que estaba equivocada: créase unha área departamental, nos dous departamentos de Belas Artes seguen as dúas persoas e créase unha area de apoio aos departamentos e centros con 4 persoas máis, cando so hai un departamento máis: o de Ciencias Sociais. Pregunta tamén ao xerente polos servizos á comunidade nos Campus de OU e PO, que van pasar de nove a tres efectivos, saben a carga de traballo que levan? Son servizos onde se levan bolsas, Erasmus, LERD, contratos de profesores, programa de maiores....; onde van ir os alumnos cando teñan un problema cunha bolsa? Agora hai un xestor que leva bolsas, Erasmus, pero quen o vai levar na nova RPT? Porque queda un xefe de área e dúas xefaturas de negociado. Pídelle ao xerente que o explique.

Prosegue falando da nova situación dos departamentos, defínea como unha barbaridade. Di que a anterior área departamental non funcionou, a pesar de que contaba cun xefe de área departamental, pero os departamentos mantiñan postos singularizados, de xeito que os directores sabían quen era o seu secretario. Pregunta tamén onde se van poñer as áreas departamentais, por exemplo no ámbito de xurídicas, económicas e empresariais? pregunta como van atender ao persoal dos departamentos, por turnos?

O Sr. Cebro diríxese ao reitor e lle traslada que este é unha Universidade que funciona moi ben, con persoal PAS moi bo, moi competente, que se involucra co traballo, con ilusión, achegando e que veñen de quitala. Considera que non se valora ao persoal. Di que se pode mellorar a xestión, por suposto, pero debería chegarse a un acordo, porque son os primeiros en darse conta de que se necesita unha reestruturación. Pero estas decisións van a afectarlle a el e aos seus compañeiros, polo que engade que esta RPT vai xerar moi mal clima laboral en Ourense, Pontevedra e nalgúns sitios de Vigo. Finaliza a súa intervención dicindo que se vai crear un enfrontamento nos traballos entre compañeiros, e que isto non merecía a pena.

Ábrese unha rolda de intervencións que inicia o Sr. Federico Fernández, resumindo o contido dun documento que se achega a esta acta, xunto coa documentación deste punto, no Anexo VI. Solicita que se revogue a RPT aprobada en xullo e se retire a proposta de RPT que se debate nesta sesión polos argumentos presentados, tanto na anterior sesión do Consello de Goberno como nos puntos anteriores. Reitera a vontade de negociación da parte sindical, e que nas condicións actuais sería máis doado chegar a un acordo.

Detalla os argumentos que motivaron o informe desfavorable da Xunta PAS, como a amortización de postos de traballo, obriga de concursar, despedimentos de persoal, desmantelamento dos Campus de Ourense e Pontevedra. Cuestiona se este Consello de Goberno está capacitado para mudar as condicións de traballo do persoal aprobando unha RPT que non conta co respaldo dos órganos de representación, xa que debería ratificar os acordos que se acadaran nun proceso de negociación, non impoñelos.

E ao igual que nos casos anteriores, pide que os que voten en contra ou se absteñan neste punto, que fagan constar o sentido do seu voto para que queden exentos da responsabilidade que se derive desta aprobación dunha RPT que producirá unha situación de caos na negociación sindical e de incerteza polo proceso no que nos veremos inmersos. Anuncia que tomarán medidas que consideren oportunas en defensa dos lexítimos intereses do conxunto do cadro de persoal.

O reitor cede a quenda de réplica ao xerente. Comeza dicindo que ás veces se mesturan os datos de xeito intencionado, só dese xeito se poden entender as intervencións previas. Explica que, dende o equipo de goberno da UVigo sempre se defende de xeito claro e, como non pode se doutro xeito, os postos de traballo do seu persoal. E subliña que nesta RPT, e como xa se expuxo na de laborais, consolídase postos por riba da RPT, pasando dunha estrutura de 367 postos a unha de 380, e esta é a realidade. En ocasións, continúa o xerente, se establecen comparacións co que ocorre noutras Universidades, e nese sentido, para que se entenda mellor o que se está a dicir, presenta os datos publicados recentemente no Correo Galego que amosan a evolución dos postos de traballo nas Universidades do SUG (Achégase no Anexo VI). Destaca as cifras referidas ao PAS: na USC perdéronse 164 postos de traballo nun ciclo de 2009 a 2015. A UdC perdeu 3 postos, mentres que nese período a Universidade de Vigo incrementou 29 postos de traballo do PAS. Destaca o xerente que co paso que se dá agora continúaase coa liña de incrementar postos de traballo estruturais do PAS, seguindo unha senda moi diferente á das demais administracións públicas e, singularmente, das demais Universidades do SUG, polo que agradecería unha lectura máis acaída por parte dos órganos de representación do PAS.

Agradece coincidir co Sr. Cebro en que era necesaria unha reestruturación da estrutura administrativa da Universidade, ambos son conscientes desa necesidade, como non pode ser doutro xeito.

Antes de proceder á votación, o reitor insiste na necesidade de emendar unha deficiencia técnica do proceso, e reitera a vontade do equipo reitoral de sentarse a negociar a execución da RPT, recoñecendo de postos por riba da RPT. Destaca a necesidade de comprender e ter claro que a seguridade dos traballadores pasa pola consolidación dos postos de traballo, iso é o que lle da seguridade. Todo o que está por riba da RPT, aínda que se prolongue no tempo, non ten esa seguridade. Insiste en que seguirase a loitar por ter máis postos consolidados, pero a nivel de autorización económica é ata onde se podía chegar, e se dixo claramente. O que hai que decidir é como se reordena. Non se escoita falar aquí de modelos da estrutura administrativa, estase a falar sempre da execución. O reitor os invita a sentarse a tratar ese proceso de execución, estudando como se debe facer para que non teña problemas ningunha persoa. Unha vez deseñada a estrutura, pódense abordar as condicións persoais, dende o punto de vista da mobilidade ou da posición. E, insiste unha vez mais, en que se pode xogar con postos por riba da RPT porque non afectan a autorización da masa salarial como o fai o cadro de persoal consolidado.

Procédese a votar a relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos, resultando aprobada por 19 votos a favor, 9 en contra (co voto particular nominal do Sr. Cebro e dos representantes dos estudantes) e unha abstención.

Anexo VI: achégase toda a documentación relativa a este punto.

9. Atender ao pedimento de información acerca da execución da relación de postos de traballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos realizada por dez membros do Consello de Goberno.

O reitor cede a palabra ao xerente, que explica que se recibiu un escrito asinado por 10 membros do Consello de Goberno, solicitando a inclusión deste punto na orde do día, solicitando información acerca dunha serie de puntos relativos á execución da Relación de Pastos de Traballo do persoal funcionario. Comeza a explicación en orde inverso, polo punto relativo á xestión da área de alumnado nos centros

afectados pola unificación de centros nos Campus de Ourense e Pontevedra. Indica que esta xestión se realizará de acordo coa estrutura prevista que será igual nos tres Campus, non como ocorre na actualidade e que consta de unha xefatura de área, unha xefatura de negociado e uns postos base para atender aos graos e un posto específico para atender aos posgraos.

En canto á xestión da investigación nos centros e Campus, explica que na actualidade esta xestión está centralizada, en servizos centrais, coa excepción dun negociado no Campus de Ourense, que realizaba un apoio máis específico en investigación. Na actual estrutura se traslada a todos os Campus e ámbitos cunhas áreas específicas de apoio que van ter máis ou menos efectivos, en función da actividade que se desenvolva. Destaca que esta é outra característica desta RPT, os medios se adecúan ás necesidades reais. Como o ánimo é realizar un análise da evolución cada dous anos como mínimo, poderase ir adecuando.

En relación coa xestión de departamentos e centros, refírese á existencia dun manual de funcións e unhas unidades creadas para levar a cabo esta xestión, asumindo as funcións que realizan na actualidade e outras que agora non contaban co soporte administrativo, como a xestión da calidade ou da mobilidade. A situación de ditas áreas deberá ser negociada cos vicerreitores de Campus e os decanos e directores de xeito que se garanta o servizo. Existen diferentes fórmulas para elo.

En resposta ao punto de como se van xestionar as bolsas, o programa Erasmus e a extensión universitaria dos Campus de Ourense e Pontevedra, o xerente lembra que as áreas de servizo á comunidade seguen existindo e puntualiza ao Sr. Cebro que en Ourense na RPT preexistente non hai nove persoas na área de servizos á comunidade, só hai seis, tal e como se pode comprobar nos documentos publicados. E na futura estrutura, as tres prazas que menciona son a xefatura de área e as dúas xefaturas de negociado, e sendo honestos na comparación non se debería esquecer dos postos base, para que estas sexan homoxéneas.

Seguindo cos puntos mencionados, en relación co prazo de execución e cal é a situación administrativa na que vai a quedar o persoal funcionario afectado, o xerente insiste en que unha RPT só implica a definición dunha estrutura, non un modelo de provisión. Será cando se aprobe a mesma, cando se convoca aos representantes do PAS Funcionario e Laboral, en sesións separadas, como xa se fixo en setembro, para sentarse a negociar como van ser os criterios así como os prazos de execución.

Lembra cal foi o resultado desas reunións de setembro cos representantes do PAS funcionario, informa aos membro do C.G. que o presidente da Xunta PAS trasladara que agradecía moito que se lle dera a información, que agradecía que lle déramos uns criterios, pero que non ían a participar en ningunha negociación, que só quería que se lles informara dos pasos que se deran. A esa reunión a Xerencia foi cunha proposta de criterios que son os que se veñen aplicando nesta Universidade dende hai moito tempo e que pretenden defender os intereses da Universidade e dos seus traballadores e traballadoras. Cuestións que se trasladaron formalmente, a través dunha proposta escrita, solicitando no mesmo momento que se fixeran as achegas que se consideraran oportunas para un mellor desenvolvemento do proceso. Informa que a data de hoxe non se obtivo nin participación, nin resposta por parte da Xunta PAS.

En relación a cal vai ser a situación administrativa, o xerente responde que, con carácter xeral e na medida do posible, seguindo o que se ven facendo ata o de agora, tentarase que todo o persoal manteña o seu destino. Iso é o que se pretende. Sempre tentando acadar a máxima garantía xurídica tanto para a Universidade como para os traballadores e traballadoras, como ten que ser. Considera o xerente que sería moito mellor realizar estes pasos en base a un acordo, entende que se todos fóramos capaces de traballar xuntos e buscar solucións, como se fixo noutros casos o proceso se podería desenvolver mellor. Con respecto aos prazos, como xa explicou a secretaria xeral, o lóxico sería pasar da RPT vella á nova cunhas adscricións que se pretende sexan na súa meirande parte definitivas, evidentemente cando haxa unha mellora de nivel, por exemplo iso non vai ser posible. En calquera caso, a clave de todo isto son os criterios que se están tentando negociar por parte da Xerencia. Despois diso levarase a cabo un concurso de méritos no caso do PAS funcionario ou nun concurso de traslados no caso do PAS laboral. A intención de que os movementos se fagan unha única vez e coincidan co final do primeiro trimestre do ano que vén, que é o momento que, dentro da actividade continua que mantén a Universidade, se estima como máis conveniente. Anima aos representantes dos traballadores a participar no proceso negociador destes procesos, aos que novamente serán convocados en breve.

Ábrese unha quenda de intervencións e intervén o Sr. Cebro que subliña que a xunta de persoal non se vai sentar a negociar a execución da RPT. E como xa dixeron nas diferentes reunións, o problema non é a RPT, senón a execución da mesma porque é imposible de executala sen vítimas. Pon por exemplo o seu caso, no que despois de 20 anos en Pontevedra terá que concursar e lle tocará Pontevedra ou Vigo, xa que a súa praza desaparece e se crea unha nova. Insiste en que non vai haber acordo porque non se van sentar a negociar. E que o xerente deberá informar aos traballadores, xa que como el se atopan 169 compañeiros afectados. Di que se a RPT fose tan acaída e tan necesaria para a Universidade, debería executarse de xeito inmediato: se adscriben de xeito provisorio a todos: ao que lle toque queda no seu sitio, se rescinden os contratos por riba da RPT, e os dos que lles desaparece a praza, e se sigue adiante. Destaca que a execución quere dicir concurso de méritos. Por iso pide que diga cando se vai executar, cando se vai facer a adscripción provisorio e cando se farán os concursos, para finalizar coa inqueda da do persoal.

Continúa dicindo que lexitimamente se tomou unha decisión, e non pon en dúbida que sexa lexítima, pero ten unhas consecuencias e pide que se asuman as consecuencias canto antes, para non ter ao persoal en suspenso. Pregunta se o equipo xerencial traballou algunha vez en administración universitaria, porque di que se vai reunir cos decanos e directores para decidir a situación do PAS. E o persoal? Confía en que tamén se reúna cos xefes correspondentes para decidir onde se van situar as áreas.

Comenta a discrepancia dos números nas áreas de servizo á comunidade, que achaca a desingularización dos postos base que irán rotando, terán que ir sabendo de todo, co que na súa opinión perderase profesionalidade. Realiza tamén unha crítica da estrutura de xestión da investigación nos centros e Campus, trasladando a opinión de persoas que como José Antonio que é o que está xestionando toda a investigación do Campus de Ourense ou Manolo Castro que consideran que é un desastre.

Engade que xulgando por esta proposta da a sensación de que non saben como se traballa nos centros e nos Campus porque está liquidando a área de servizos á comunidade. Pregunta se falou coas persoas deses servizos para valorar o traballo que asumen. O posto de xestor foi creado co nivel 20 para que un alumno non tivera que acudir a Vigo a xestionar a súa bolsa, ou un PDI puidera asinar un contrato no seu Campus sen ter que vir a Vigo. Pero ademais levan Erasmus, extensión universitaria, deportes, o LERD, a gardería e o xerente o liquidou.

Finaliza reiterando a petición da data de adscripción e concurso, para que o persoal poida ir adaptando a súa vida en base a ela.

Replica o xerente, pedindo que non se mesturen as cousas. Dicir que se van a deixar de realizar os servizos é unha falsidade, as bolsas, os Erasmus, van a seguir levándose nos Campus e é mais, a xestión da investigación tamén. E, en lugar de só cun negociado de apoio ao vicerreitorado, se fará a maiores cunha xefatura de área e unha de negociado específicas, como exemplo de profesionalización.

En relación co exemplo persoal que puxo o Sr. Cebro, relativo á área académica de Pontevedra, informa que nese Campus, na actualidade, hai catro xefes de área académica (ou responsables de administración como lles chama vostede). Na nova estrutura volve haber outros catro: un en Belas Artes, dous para a xestión de grao e un para posgrao, polo que non entende o que quere trasladar o Sr. Cebro, nin a inqueda pola súa praza. Se se quere formular a situación persoal en ton de profecía levándoo o terreo da preocupación, pódeo facer vostede, pero iso afecta ao clima laboral, di o xerente. O que hai que facer é sentarse a negociar de boa fe e con respecto para levar a cabo o proceso nas mellores condicións. E finaliza a quenda de réplica insistindo en que por suposto que se falou co PAS no seu conxunto, con representantes de todos os niveis e, por suposto cos administradores. E moitas destas persoas colaboraron en definir a estrutura, aportando ideas e experiencia. Pero cada un ten a súa idea e nós debemos chegar a definir unha estrutura conxunta que tal vez non sexa a de ninguén en concreto pero que trata de recoller as opinións de todos eles.

Replica o Sr. Cebro que non lle diga que non vai ter que concursar, por suposto que si. O único que o salvaría a el e a moitos compañeiros sería entrar na negociación, Di que el podería salvarse porque el ten o seu nivel, grao posgrao e podería escoller, pero hai compañeiros que non poden, e insiste de novo que non vai entrar na negociación. O único xeito que tiña de salvar a negociación sería un plan de emprego, o que é a reestruturación de efectivos que ven la lei. Pero a reestruturación de efectivos ten que ser

publicada no DOG e permite facer concursos específicos por áreas específicas e persoal específico, facer adscricións definitivas. Pero non estamos ante un plan de emprego, senón diante da aprobación dunha RPT na que non hai adscrición definitiva, excepto nos postos que non se modifican, que son os xefes de servizo, os xefes de sección e temos dúbidas nos administradores e temos dúbidas nas xefaturas de negociado. Dúbidas porque eliminouse a singularización. Pide que se diga claramente que hai que concursar, por iso cento e pico compañeiros van iniciar o recurso. E asegúralle á secretaria xeral que o que se recolle no informe de Asesoría Xurídica vai quedar en pouco, porque non van por aí, e van decatarse en que punto erraron e ata que punto o fixeron.

Finalizada a quenda de intervencións o reitor subliña que quedou claro neste punto que case todos os problemas teñen que ver coa execución. E o propio Sr. Cebro ven de recoñecer que entrando nun proceso de negociación poderían resolverse as situacións concretas de practicamente todos os traballadores. Di que pode entender que é unha estratexia ligada aos recursos que van presentar e pide que o consideren porque se poden facilitar moito as cousas en lugar de obrigar á institución, por unha cuestión de estratexia.

Afirma o reitor que insistirá na necesidade da negociación e en buscar saídas, e por suposto non só se falará cos directores e decanos que teñen moito que dicir na nova estrutura, senón tamén cos propios traballadores e esas son as instrucións da reitoría, pero se por unha estratexia concreta a parte social non quere negociar, intentarase minimizar todos os impactos que teñen que ver co cumprimento da lei da función pública.

10. Toma de acordo sobre medidas de igualdade e conciliación na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que, como queda recollido no documento que se achega (**Anexo VII**), proponse a este Consello de Goberno que tome o acordo de equiparar aos colectivos PAS e PDI, laboral ou funcionario, a nivel de permisos e licencias referidos a conciliación familiar, coidado de fillos, permisos por maternidade ou paternidade, permisos por parto, etc. xa que son moi distintas as condicións nas que estamos os distintos colectivos, rexidos por distintas normativas. En resumo, a proposta que se presenta é estender as melloras que un colectivo poda lograr pola súa particular regulamentación a todos os demais colectivos, logrando así a equiparación a este nivel entre todos os traballadores da institución.

Trátase dunha medida moi clara, engade o reitor e pretende a extensión de dereitos a nivel de medidas de igualdade e conciliación.

O Sr. Federico Fernández manifesta o seu acordo con estas medidas que abranguen a todos os colectivos.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, da modificación da “Normativa reguladora do procedemento para a tramitación e aprobación de convenios da Universidade de Vigo”.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral que fai a presentación deste punto. Expón que na actualidade o establecemento de convenios con outras entidades públicas e privadas está regulada na “*Normativa reguladora do procedemento para a tramitación de Convenios na Universidade de Vigo*”, aprobada no Consello de Goberno de 20 de novembro de 2007 que desenvolve as liñas xerais expresadas no *Regulamento de Cursos de Especialización e Convenios*, aprobado no Claustro o 17 de decembro de 1996 e modificado o 20 de xullo de 2000 polo CG.

A entrada en vigor da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público desenvolveu un novo réxime completo dos convenios ao que teñen que adaptarse todas as administracións públicas. Esta lei inclúe aspectos novidosos en relación co establecido na regulación anterior. As novidades máis salientables son as especificacións que realiza en relación con:

- Os requisitos que ten que cumprir a subscrición de convenios, que inclúe aspectos relativos á mellora da eficiencia da xestión pública, estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- O contido mínimo que deben conter os convenios.
- O prazo de vixencia, que deberá ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos e, no caso de prórroga, esta deberá ser acordada unanimemente polas partes por un período único de ata catro anos adicionais.
- Tamén establece unhas causas específicas de extinción e os efectos da resolución dos convenios, así como o seu control polo Consello de Contas de aqueles convenios cuxos compromisos económicos asumidos superen os 600.000 euros.

Polo que, co fin de que todos os convenios que subscriba a Universidade de Vigo con outras entidades a partir do día 2 de outubro, se adapten ao establecido na citada Lei 40/2015, sométese á aprobación do Consello de Goberno a modificación da “*Normativa reguladora do procedemento para tramitar e aprobar convenios na Universidade de Vigo*”.

Lembra a secretaria xeral que o 26 de setembro ditouse unha Resolución Reitoral pola que se adaptan os convenios subscritos pola Universidade de Vigo como consecuencia da entrada en vigor da Lei 40/2015. E destaca que dende ese momento, é obrigatorio que cada convenio vaia acompañado por unha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto na lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Co ánimo de facilitar no posible a tramitación dos proxectos, a normativa acompáñase dun anexo no que se achega un modelo de memoria, reducida ao mínimo que, de feito, é practicamente o que antes constituía o Anexo I.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

12. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e *UNIFACS, Universidade Salvador* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e *UNIFACS, Universidade Salvador* para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre as universidades de Vigo e Coruña para a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais do título de Máster Universitario en Fotónica e Tecnoloxías do Láser – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Santa Catarina* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal de Santa Catarina* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Valle de Atemajac, UNIVA* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del Valle de Atemajac, UNIVA*, para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vrije Universiteit Brussel* – Acordo de co-tutela dunha tesis doctoral entre a Universidade de Vigo e a *Vrije Universiteit Brussel* (Bélxica) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Liberquaré* (México) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Aguascalientes* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica de Aguascalientes* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional José María Arguedas* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Peruana de Ciencias Aplicadas S.A.C.* para a mobilidade de estudantes e docente extranxeiros de intercambio.

Apróbanse por asentimento.

13. Elección do representante de estudantes na CEUNE (Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado).

O reitor indica que a proposta consensuada polo estudantado é a candidatura de dona Paula Rivera González, polo que propón o seu nomeamento como representante do estudantado da Universidade de Vigo na CEUNE.

14. Elección de representantes no Consello Social: 1 Estudante.

O reitor refire que so se presentou a candidatura de D. Ernesto Vázquez-Rey Farto, polo que non é preciso facer eleccións, quedando nomeado como representante do sector estudantes no Consello Social.

15. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 PDI; 1 Estudante.

Para este proceso de elección presentaron a súa candidatura:

Polo sector PDI: Dna. M^a Beatriz Iglesias Antelo

Polo sector estudantes: Dna. Beatriz López Puga

As candidaturas cumpren co requisito de aportar o aval de 10 membros do Consello de Goberno, esixido polo artigo 26 do Regulamento de Réxime Interno do CG.

Sendo igual o número de candidaturas que o número de vacantes, non hai que realizar a votación e quedan designados como representantes da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

16. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI; 2 Estudante.

Indica o reitor que, dado que non se presentaron candidaturas, quedan vacantes estes postos ata que no próxima sesión do Consello de Goberno se volvan a convocar as eleccións.

17. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudante.

Ao igual que no caso anterior, non presentaron candidaturas e queda vacante unha praza neste sector.

18. Rogos e preguntas.

Solicitan intervir neste punto Paula Rivera Ernesto Vázquez-Rey, Federico Fernandez e Bienvenido Diez.

Dona Paula Rivera expón os problemas de transporte para acceder aos centros do Campus de Marcosende, pero especialmente o Campus Cidade. Este problema é especialmente grave dende as distintas cidades da comarca de Vigo, polas dificultades de combinación de liñas, os horarios irracionais e o custo do transporte. Manifesta que a Universidade leva anos contemplando este problema sen facer absolutamente nada, poñendo como excusa a falta de cartos, considerando que co que gasta en financiar parte da tarxeta do Vitrasa e as liñas propias ao CUVI (lanzadeiras) é suficiente. Insta a que tome en serio e se faga todo o posible, negociando coa Xunta para que se solucione. O texto íntegro da súa intervención achégase no **Anexo IX** relativo a este punto.

Responde o reitor dicindo que entende que non sexa coñecida polo estudantado a historia da problemática do transporte á Universidade e o que fixeron os distintos gobernos da mesma para solucionarlos, non sendo competencia do goberno da Universidade.

É necesario deixar claro de quen é esa competencia, e aclara que sendo un barrio dun Concello e a el lle corresponden as competencias no transporte. E, a pesar de non ser competencia nosa, a Universidade está a facer un gran esforzo. Pídelle ao vicerreitor de Economía e Planificación que explique esta situación. Pero antes de darlle paso, manifesta a súa preocupación porque o estudantado perciba que se está “a facer o paripé” cando se transmiten esas inxerencias. Pode ser que non saibamos transmitir o que se fai e a complexidade da situación e as limitacións que temos para actuar. Pero que se poña o foco en nós en cousas que non son a nosa responsabilidade é preocupante, engade o reitor.

Intervén o vicerreitor, quen entende polos comentarios da representante do estudantado que se refire máis aos problemas de transporte cos concellos limítrofes que co propio transporte urbano. Parécelle positiva a suxestión de explorar coa Xunta unha posible vía de ordenar de xeito distinto o transporte con ditos concellos. É certo, confirma o vicerreitor que, polo de agora trátase de empresas privadas que só manteñen as liñas cando son economicamente viables. En relación co transporte urbano, a Universidade de Vigo é a única a nivel nacional que ten solucionado o problema do custo do transporte co Concello achegando fondos propios anuais para subvencionar unha parte do custo do billete que pagan os estudantes. Con respecto ao transporte cos concellos limítrofes, e totalmente inviable pensar que nós con recursos propios poidamos soste liñas de transporte que sexan deficitarias. É impensable porque, nin temos os recursos, nin sería posible a nivel de xestión de competencias como dixo o reitor.

Comprometese a explorar a vía de formularlle este problema á Xunta de Galicia. Di que hai uns meses houbo unha xuntanza cos representantes dos estudantes para explorar as solucións coas empresas de transporte. E, en efecto, a resposta das empresas é sempre a mesma, din que as liñas que non son rendibles non se poden manter. Pon o exemplo, dunha liña que se montara hai uns anos ao Val Miñor que durou apenas 45 días, porque era manifestamente inviable.

Compartindo a preocupación manifestada, reitera o seu compromiso de falar coa Xunta para ver se ao abeiro do transporte metropolitano pode lograrse unha solución. Finaliza o vicerreitor dicindo que somos conscientes do problema de transporte, pero algunhas das cousas que se din no escrito non son xustas, e son esaxeradas en relación coa responsabilidade que ten a Universidade nesa problemática. E reitera que somos a única Universidade que fai un esforzo anual moi importante pagando unha parte do billete dos estudantes.

O representante do estudantado, Ernesto Vázquez-Rey, expón unha reivindicación que se estende dende Belas artes á Ciencias Sociais e da comunicación e que ten que ver coa FUVI, que ten a sede principal en Vigo e unha sede en Ourense, pero non hai en Pontevedra. Creemos que os estudantes do Campus de Pontevedra teñen dereito a non ter que desprazarse para realizar trámites. Pide ao reitor, como presidente do padroado e da Fundación, que propoña a dotación de medios materiais e humanos para solucionar esta carencia que supón un agravio comparativo. Ademais, expón que outras entidades fundacionais do sector público relacionadas co sistema educativo superior (por exemplo, ANECA) que nos últimos anos están incorporando unha representación do estudantado aos seus órganos de goberno. Solicita, polo tanto, do reitor que formule no padroado, e se modifiquen os estatutos da Fundación para permitilo, a incorporación como membros tres estudantes, un por cada Campus da Universidade. Indica que esta inclusión non varía as proporcións da composición nin encarece o custo do órgano, polo que é unha proposta razoable e que recolle un principio ao que este goberno non é alleo, que é o principio de que o estudante é a base do sistema e da institución e establece o valor da corresponsabilidade na gobernanza da Universidade. (No **Anexo IX** inclúese a intervención achegada)

En relación con esta proposta, o reitor traslada que a FUVI constitúe un ente instrumental da Universidade, que se rexe pola lei de Fundacións, e que nos permite desenvolver unha actividade que doutro xeito non sería factible. Di que de xeito progresivo vai dando resposta ás necesidades que se lle formulan, polo que de forma progresiva se vai trasladando a súa presenza aos Campus, polo que estudarase a situación do Campus de Pontevedra. En relación coa posibilidade de modificación dos estatutos, comprométese o reitor a realizar un informe técnico que recolla os distintos aspectos xurídico-administrativos implicados. Destaca o reitor que, en contra do que acontece noutras fundacións existentes noutras Universidades, que poden ser homologables con esta que contan no seu padroado con representantes de empresas privadas e outro tipo de actores, na FUVI procurouse que o padroado fora totalmente Universidade. Pero reitera que a translación directa da proporcionalidade que a Universidade ten nos seus órganos ten que ser analizada á luz da lei de Fundacións, xa que se trata dun ente instrumental propio.

Na súa quenda de intervención o profesor Bienvenido Diez formula unha cuestión dirixida a Secretaría Xeral en relación coa adscrición de profesores ás Xuntas de Facultade ou de Escola. Explica que, de xeito habitual se realiza directamente, en función do número de horas de docencia que o profesor teña asignadas en POD, ao centro no que a súa docencia sexa maioritaria. Non obstante, ese procedemento fai

que algúns profesores deban mudar constantemente de Xunta de Centro o que, sen dúbida constitúe un problema á hora de involucrarse no funcionamento e nas tarefas de xestión dos centros. Sinala tamén como efecto non desexado o caso de profesores que dirixen moitos TFG nunha facultade e non lle sexa contemplada a adscrición á Xunta de Facultade. Propón polo tanto que se reconsidera e analice dita normativa, suxerindo que a adscrición se puidera xustificar cun número menor de horas de docencia no centro, por exemplo dun 30%, xa que de feito por un número de horas moi pequeno de diferenza, pode estarse cambiando cada ano de centro, o que sen dúbida limita o desenvolvemento dunha actividade de maior fondura nunha facultade ou escola concreta, na que o profesor se sinta máis identificado. Por suposto, continúa o Sr. Diez, non se trata de permitir movementos continuos ou irracionais por motivos espurios, pero nos casos xustificados, debería evitarse o cambio constante de centro polas razóns apuntadas. Roga polo tanto que se estuden as posibles alternativas.

Responde a secretaria xeral expoñendo que, en efecto, este tema xorde de xeito recorrente dende hai anos e indica que moi recentemente volveu a suscitarse en circunstancias moi concretas, na Facultade de CC.XX. e do Traballo, en relación coa adscrición do profesorado que imparte docencia no dobre grao ou PCEO ADE-Dereito. Explica a secretaria xeral que segundo a normativa actual, os membros natos das xuntas de centro asígnanse, como o profesor Diez indica, en función de en que centro teñen a docencia maioritaria. En relación cos membros non-natos, é dicir os que forman parte da xunta de centro por elección nun sector determinado manteñen a súa vinculación á xunta de centro durante o seu período de representación, sempre e cando teñan algunha docencia nel, aínda que non sexa maioritaria. Volvendo ao caso dos membros natos, comparte a secretaria xeral a opinión manifestada polo Sr. Diez, en relación coas dificultades que orixina a aplicación desta normativa. Pero, engade que debe ser analizada con detenimento porque existen outros condicionantes a ter en conta, así por exemplo en centros pequenos, nos que a meirande parte do profesorado estea compartido con outro maior dimensión, podería darse a situación de que a xunta de centro quedara practicamente sen representación. É prioritario que todos os centros poidan constituír unha xunta que garanta o seu funcionamento, polo que deberase analizar en detalle.

O profesor Bienvenido Diez está de acordo en que debe analizarse pero insiste en que tal vez unha simple redución das porcentaxe por debaixo do 50%, podería solucionar o problema. Menciona tamén os casos de profesores que son reticentes a cubrir unha baixa dun compañeiro porque ese incremento de poucas horas o trasladan de centro.

O reitor indica que será estudado de que xeito se pode modificar ese marxe, sen que produzan os efectos negativos apuntados.

O Sr. Federico Fernández formula unha solicitude sobre un tema tamén habitual, como é a necesidade de reforzar a sinalización viaria existente no Campus, xa que en ocasións os vehículos circulan en sentido contrario, fundamentalmente no entorno do antigo CACTI e a Escola de Telecomunicacións. Destaca que é unha situación máis frecuente a principio de curso e na selectividade.

O vicerreitor de Economía e Planificación toma nota da petición e reitera que estamos a punto de poñer unha nova sinalética en todo o Campus, do cal xa informara neste Consello, aínda que lamentablemente está a sufrir un retraso, pero confía en que xa estea en mes e medio dous meses e confía que permita solucionar este problema.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 h do día 10 de outubro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.



Salustiano Mato de la Iglesia



Gloria M. Pena Uris